

Diocese de Ourense Programa de Formación Permanente do clero (2020-21)

A DIMENSIÓN ECLESIAL DO MINISTERIO ORDENADO



*Realizar o ministerio recibido do Señor Xesús:
Ser testemña do Evanxeo da graza de Deus
(Feit 20,24).*

A FORMACIÓN PERMANENTE DO CLERO 2020-21

A formación permanente do clero no presente ano pastoral e en plena realización do Sínodo Diocesano vai estar centrada na dimensión comunitaria e eclesial do ministerio ordenado.

O programa vai ter como referencia inspiradora e dinamizadora o discurso que Paulo lle dirixe en Mileto aos presbíteros da Igrexa de Efeso (Feit 20,17-38), fixando especialmente a atención no versíño 24 que nos reenvía e nos renova ao nuclear do ministerio e da misión que se nos encomendou: *Pero non estimo en nada a miña vida, con tal que poida rematar a miña carreira e levar a cabo o ministerio que me encomendou o Señor Xesús de ser testemuña do Evanxeo da graza de Deus.*

Introdución

No marco do sínodo diocesano tomamos conciencia de que o ministerio ten un carácter marcadamente sinodal, eclesial e colexial.

Nunha etapa de remodelación da estrutura pastoral e mesmo da configuración da diocese entre parroquias e UAPS.

Todo isto mostra a importancia de profundar a dimensión comunitaria do ministerio ordenado, de implicarse todos nun verdadeiro proceso de formación que reforce estes lazos de comunión e de traballo conxunto, pois o momento presente é crucial e ninguén pode quedar fóra ou á marxe.

Este camiño a percorrer como membros do presbiterio, insertos nun arceprelado será a ocasión para implicarnos na procura de formas, iniciativas e medios que leven a potenciar e nos fagan crecer na vivencia desta dimensión tan fundamental na que entra en xogo a mesma fe en Xesús Cristo: Sermos un para que o mundo crea (Xn 17,21.23).

O contexto social, cultural e relixioso da nosa sociedade e os grandes retos que nos presenta hoxe a misión de anunciar o Evanxeo, tanto no mundo rural, no medio dunha poboación vella, escasa e moi dispersa, coma nas vilas e na cidade onde despunta xa a indiferenza e a desafección con relación á Igrexa e á fe, son un grande desafío á misión da Igrexa hoxe que ten que mobilizar a toda a comunidade diocesana na busca de novos camiños, de novas formas de presenza e de estruturación pastoral.

Como ser presbíteros nesta conxuntura e como formarnos para poder responder a estes retos?

Ao comezo pode ser útil e oportuno lembrar algunhas cousas xa coñecidas, pero que é importante tomar conciencia delas e redescubrir a súa vixencia e a súa actualidade, especialmente no tocante á Formación Permanente.

A formación é en si e por si mesma permanente. É algo que está en continua xestación e que nunca se remata de facer. É unha tarefa constante, como expresa o mesmo Paulo na súa misión apostólica: *Ai, meus filliños, que me volven aguilloar as dores de parto por vós, ata ver a Cristo formado en vós!* (Gal 4,19). A formación xera na persoa unha nova identidade, a de Xesús Cristo: *Coma cristiáns xa poderedes ter milleiros de mestres, que pais non teredes moitos, pois fun eu que por medio do Evanxeo vos enxendrei en Cristo Xesús* (1 Cor 4,15).

Estas palabras da Escritura móstrannos o carácter da formación cuxo centro é Xesús Cristo. A formación ten como finalidade formar a Cristo en nós, ou dito con outras palabras, lograr que teñamos os sentimentos de Cristo ou a forma de ser de Cristo. O himno da carta aos Filipenses é o marco no que se inscribe e plasma un verdadeiro itinerario de formación. Esta imprime no cristián e no sacerdote a forma de Cristo como Servo paciente, como fillo obediente e como año inocente.

A formación é permanente. Isto quere dicir que precede mesmo á formación inicial, é dicir, xa comezou antes de iniciar a formación sacerdotal no Seminario e continuará despois. Por isto mesmo a

formación inicial é xa unha etapa da formación permanente. O Espírito Santo por a fe comezou a formar a Cristo en cada un de nós e continúa formándoo despois da vocación bautismal e de vocación sacerdotal.

A formación é un itinerario de asimilación progresiva dos sentimentos do Bo Pastor, que se preocupa das súas ovellas e quere salvalas. Por isto mesmo a formación non é algo negociable ou opcional, senón unha prioridade e unha necesidade que non se poden aprazar, como advirte a exhortación postsinodal PDV: “a formación permanente é expresión e esixencia da fidelidade do sacerdote ao seu ministerio, ou máis aínda, ao seu propio ser, que se realiza ante todo na caridade pastoral” (PDV 70).

A formación é ante todo unha graza de Deus á que ten que corresponder unha dispoñibilidade e unha actitude decidida de deixarse formar e modelar por Deus mesmo. Por isto mesmo non é algo eventual ou puntual, senón algo continuo e permanente. Trátase dun proceso que enxendra a Xesús Cristo en nós dunha forma semellante a como o Espírito Santo formou a Xesús no seo de María no misterio da encarnación. A formación transforma e realiza o cambio interior que xera o home novo segundo o modelo e a imaxe de Xesús Cristo. Se a formación aspira a unha identificación total e plena con Xesús Cristo, ten que durar toda a vida e implicar e comprometer toda a existencia do sacerdote. Este proceso, este estar sempre en formación leva á conformación con Xesús Cristo a través deste itinerario progresivo: imitación de Xesús Cristo, seguimento de Xesús Cristo, configuración con Xesús Cristo.

A formación permanente non é unha cuestión pedagóxica ou académica, senón sobre todo unha cuestión teolóxica, ou aínda máis, unha cuestión de fe. Por parte do formando vén a ser unha resposta na fe. A dimensión teolóxica (de fe) da formación subliña o seu carácter ordinario (permanente) e esencial, mentres que a dimensión pedagóxica mostra o seu aspecto extraordinario e continxente.

E importante tomar conciencia dalgunhas peculiaridades da formación permanente que non están aínda suficientemente asimiladas

nos nosos presbiterios e quizais menos na vida dos presbíteros: a formación permanente é Cristocéntrica, abarca toda a vida, é máis unha cuestión de fe que unha cuestión pedagóxica ou académica...

A formación debe abarcar a toda a persoa en todas as súas dimensións, apuntando á meta de conformarse ou de adquirir a forma de Xesús Cristo. Por isto dicimos que a formación é un proceso e que é continua, é dicir, sempre estamos en formación ata a fin dos nosos días. Deste enfoque dedúcese que o espazo e o ámbito no que se realiza a formación é a vida mesma. Calquera evento ou situación da nosa vida ten un valor formativo. A vida é o instrumento providencial que o Pai colle nas súas mans para formarnos.

A formación permanente nas dioceses e nos presbiterios é unha prioridade, unha necesidade urxente e tamén un grande desafío e unha grande preocupación para os responsables diocesanos, pois teñen que buscar a maneira de involucrar e comprometer a todo o presbiterio en algo que é esencial para vivir a vocación e realizar a misión. A formación, coma a vida, é sempre unha realidade inacabada que hai que cultivar e alimentar todos os días. Deixar de formarse sería deixar de vivir a vida de fe, abandonar ou esquecer os lazos que unen a Xesús Cristo. Deixar de formarse sería deixar de vivir, sería abortar o proxecto de Deus que nos está modelando e recreando para facernos outros Xesús Cristo.

Precisamos corrixir certas formas de comprender e de organizar a formación permanente que resultan insuficientes ou que non se corresponden con que é ou co que ten que ser a formación na vida do sacerdote.

Se a persoa de Cristo é o centro da formación, a formación permanente de feito non é unha cuestión de contidos e de nocións que hai que aprender, senón unha dispoñibilidade interior que se modela lentamente e que deberá ser cada vez máis estable e permanente. Por esta razón a formación non se reduce a un tempo determinado destinado a dar unha instrución, unha especialización ou unha capacitación para unha misión.

A formación permanente non consiste nun agguornamento teolóxico, un pórse ao día na esexese, na pastoral ou nas novas tecnoloxías que se aplican hoxe na acción apostólica. Estes instrumentos son válidos e necesarios, pero están lonxe de chegar ao corazón da formación que é a configuración e a identificación con Xesús Cristo. Todo programa de formación permanente sacerdotal ten que partir unha e outra da vez da relación co Señor Xesús.

As programacións que ofrecen realizacións puntuais en acontecementos e datas determinadas non entran propiamente neste deseño de formación permanente, que forma parte habitual da vida do presbítero: retiros, xornadas de formación e actualización teolóxica, Exercicios Espirituais, asembleas do clero. Estas son accións puntuais ou ocasionais. Son medios que poden contribuír á formación permanente, pero o que é ocasional non é permanente. Frecuentemente regrésase á vida ordinaria sen levar case nada do que alí se recibiu.

Vivimos uns tempos de moita présa e de movernos a un ritmo trepidante. As distintas ocupacións e actividades poden restarnos tempo e enerxías para a formación permanente, que é tamén pastoral. Corremos o risco no noso subconsciente de caer na trampa de buscar razoamentos que xustifiquen unha falta de dedicación a coidar a formación e a darlle prioridade ao traballo comunitario cos irmáns do presbiterio e outros membros do pobo de Deus, especialmente no arceprestado e noutras instancias propias da vida diocesana.

A ordenación e a misión pastoral recibidas non significan que o sacerdote xa chegou á meta e que está suficientemente capacitado para a vida pastoral en todos os campos. A formación é unha carreira que precisa un adestramento diario, sabendo que a meta é a configuración con Cristo en quen puxemos a nosa vida e o noso corazón: *Por tanto deixando enteiramente o que nos estorba e o pecado que tan facilmente se nos apega, corramos con aguante a carreira que temos por diante, cos ollos postos en Xesús, o primeiro guía que leva á perfección a nosa fe* (Heb 12,1-2; Flp 3,7-14).

O proceso de formación dura toda a vida, por isto lle chamamos formación permanente. Pode dicirse que a formación permanente é unha proba ou unha carreira de resistencia e de longa duración. Non se decide nunha escapada duns pouco quilómetros, non consiste nunha soa etapa nin na escalada duns picos duros nin tampouco nun camiñar monótono por unha terra chá. É unha carreira que inclúe todo tipo de itinerarios e dificultades coa conciencia de que é un don de Deus e coa alegría que produce vivir esta experiencia de graza.

Se a formación permanente abarca a vida enteira, esténdese por o tanto, ás actividades ordinarias de xeito que é preciso privilexiar a nivel persoal certos momentos do día e do tempo para que todo o demais teña valor formativo. Pero isto non se produce automaticamente, senón só cando estas se realizan cun certo espírito. É o Espírito Santo quen produce a unidade na vida do discípulo de Cristo e quen se converte no seu verdadeiro formador.

Nestes tempos de tanta présa, de tanta fragmentación, de estar en tantas cousas o sacerdote ten que unificar a súa vida para non perderse e non desorientarse nin desorientar ao pobo de Deus que pastorea e acompaña. Podemos vivir unha xornada moi apretada facendo diversas cousas, pero sen que haxa un lazo de unión entre elas e sen que teñan un mesmo horizonte. E preocupante a relativa incomunicación na vida de moitos presbíteros, entre a ciencia sagrada aprendida, a fe vivida e a actividade pastoral. En moito casos a ciencia escriturística e teolóxica apenas alimenta a súa oración nin a espiritualidade apenas proporciona contidos ao ministerio da Palabra. A fe vivida estimula debilmente o estudo. A acción pastoral apenas se sente necesitada de profundar nas fontes do saber da Escritura e da teoloxía. É preciso promover unha circulación saudable entre estas tres instancias: a fe, o estudo, a pastoral. E preciso converter este círculo vicioso nun círculo virtuoso. A formación permanente é non só a mediación senón a graza que o Señor nos regala para poder unificar a vida que ha de estar toda centrada en Xesús Cristo.

Desde a convicción da grande necesidade e da grande importancia da formación permanente na vida dos presbíteros ofrecemos este

programa, como un humilde e sinxelo instrumento, coa pretensión de que sexa coma unha nova chamada a renovar o don Deus que nos foi transmitido pola imposición de mans do bispo e a exercelo en comunión cos irmáns de presbiterio que nos impuxeron as mans o día da ordenación. Isto vai definir o marcado acento de profundar e de vivir cada día a dimensión comunitaria e colexial do ministerio presbiteral.

O punto de partida que inspira o percorrido formativo e o programa que ofrecemos, como está xa indicado, é o discurso de Paulo aos presbíteros da Igrexa de Efeso en Mileto (Feit 20,17-28). Quizais o punto de inflexión podemos situalo no v. 24: *Pero non estimo en nada a miña vida, con que poida rematar a miña carreira e levar a cabo o ministerio que me encomendou o Señor Xesús de ser testemuña do Evanxeo da graza de Deus.*

O tratamento dos temas non é unicamente académico ou intelectual, senón que pretende abordar de forma unitaria as catro dimensións da formación: humana, espiritual, intelectual e pastoral.

Programa:

0 Introducción

1 Chamados e convocados por Cristo

2 Un só ministerio, o de Xesús Cristo

3 En comunidade de discípulos

4 Enviados por Xesús Cristo

5 Na Igrexa local de Ourense

O programa de formación podería concluírse cunha tanda de Exercicios Espirituais baseados no discurso de Paulo aos presbíteros da Igrexa de Efeso.

O programa está composto por unha reflexión teolóxico-espiritual-pastoral sobre cada un dos temas, que poden seguir os acompañantes ou moderadores dos grupos da Formación Permanente para preparar as

seións. Este material pode inspirar e axudar aos animadores dos diferentes grupos a preparar os temas e os encontros de formación xuntamente coas aportacións que cada animador queira facer.

O programa consta: dun caderno para o animador ou acompañante do grup e un pequeno caderno para os sacerdotes participantes

Uns esquemas de cada tema acompañados dunhas pistas para o traballo persoal e de grupo para cada sacerdote.

Un pequeno elenco bibliográfico.

BIBLIOGRAFÍA

Concilio Vaticano II: Presbyterorum Ordinis (PO); Lumen Gentium (LG 28).

Xoán Paulo II, Pastores Dabo Vobis (PDV).

Francisco, Evangelii Gaudium (EG).

Francisco, Disciurso ao Seminario de Bolonia,

Documento de Aparecida 129-153

A.CENCINI, *¿Creemos de verdad en la Formación Permanente?*, Santander (2013).

G. GRESHAKE, *Ser sacerdote hoy*, Salamanca (2003).

A. BRAVO, *Seguir a Cristo. De la vocación a las vocaciones*, Salamanca (2009).

J. M^a URIARTE, *Servidores de la palabra de Dios*, San Sebastián (2008).

A. CORDOVILLA, *Como el Padre me envió, así os envío yo*, Salamanca (2019).

J. M^a URIARTE / A. CORDOVILLA / J. M^a FERNÁNDEZ-MARTOS, *Ser sacerdote en la cultura actual*, Santander (2010).

Tema 1

CHAMADOS E CONVOCADOS POR CRISTO

Mais agora, obrigado por o Espírito, vou a Xerusalén, sen saber o que me espera (Feit 20,22).

O ministerio ordenado non é o froito dunhas calidades nin dunha iniciativa individual, senón que é unha chamada de Deus e unha graza. Os que son chamados responden coa fe a confianza, aínda que non teñan claras as implicacións da súa resposta que non acontece dunha vez, senón que é constante e permanente.

1. Unha ollada á Escritura

Deus é quen chama e convoca

Na vocación dos apóstolos Xesús toma a iniciativa e chama a determinadas persoas para que estean con el e para realizar a misión que el lles vai encomendar (Mc 1,16-20; Mt 9,9). Non basta con ter a inclinación ou querer desempeñar unha misión ou unha tarefa na Igrexa. Un ten que ser chamado e escollido para este cometido. Xesús mesmo faille ver isto aos apóstolos no momento do gran discurso de despedida antes da Paixón: *Non me escollestes vós a min, senón que eu vos escollín a vós; e púxenvos para que vaiades e levedes froito e o voso froito permaneza* (Xn 15,16; Mc 5,18-20).

A chamada ten ademais un carácter sinodal e de mediación. O Señor sèrvese da colaboración doutras persoas para facer oír a súa chamada ou a elección dos seus discípulos e colaboradores. A vocación dos primeiros discípulos no IV Evanxeo está mediada por a intervención doutras persoas que fan posible o encontro con Xesús Cristo no que se realiza a chamada ou a elección. Xoán Bautista presenta a Xesús a dous dos seus discípulos. Andrés leva a Simón Pedro ante Xesús e Filipe prepara tamén o encontro con Natanael (Xn 1,35-51).

A chamada de Saulo, revestida dun forte carácter teofánico, é confirmada a través da presenza e da palabra de Ananías, que é o xenuíno representante da Igrexa de Damasco (Feit 9,10-18).

A misión de Paulo entre os xentís (as nacións) é unha decisión da Igrexa e non unha simple iniciativa individual do apóstolo e realízase sempre nun contexto comunitario e eclesial (Gal 2,7-10; Feit 12,24-13,3).

A dimensión eclesial da vocación apostólica está ben afirmada e remarcada na Escritura da que soamente recollemos estes breves testemuños que nos iluminan e interpelan a vivir tamén a nosa elección e vocación en clave eclesial de comunión e de sinodalidade. Trátase dun don que non é exclusivamente noso, senón que nos foi dado para vivir en comunión con outros e tamén para facer que outros irmáns poidan escoitar e responder á chamada de Deus.

A chamada e a elección de Deus son para realizar unha misión. Esa misión, aínda con matices e modalidades diferentes é a mesma: reunir nun so pobo os fillos de Deus dispersos mediante o anuncio da Boa Nova do reinado de Deus.

A chamada no IV evanxeo aos catro primeiros discípulos en dúas entregas é unha invitación a poñerse en camiño para ir descubrindo e irse inserindo na mesma misión de Xesús nesa secuencia: *que buscades? ... vide e veredes* (Xn 1,38-39.42.46). No relato dos sinópticos os catro discípulos son chamados para seren pescadores de homes (Mc 1,16-20).

No proceso vocacional é fundamental o diálogo da fe. É Deus quen ven buscar, quen chama, quen fai a invitación. É preciso tomar conciencia de que a vocación non é tanto unha busca que nós facemos canto que é Deus mesmo quen nos ven buscar e nos abre a un camiño que estará sempre en proceso de xestación: *vide e veredes*, o segundo verbo en futuro.

Os Doce son chamados para estaren con Xesús e para ir a predicar (Mc 3,13-14). Paulo foi chamado para anunciar o nome de Cristo aos pagáns, aos reis e aos fillos de Israel (Feit 9,15); para ser testemuña e servidor do Evanxeo e para predicar a conversión e o perdón dos pecados (Feit 26,16-18).

O Señor segue escollendo e chamando a outros a través do ministerio dos apóstolos. Paulo recórdalle isto ao seu colaborador Timoteo de renovar a chamada e de facela chegar a outros posibles discípulos e apóstolos (2 Tim 1,5; 2,2).

Como estamos a vivir nós mesmos a actualidade da chamada de Deus, asumindo a misión do anuncio e da configuración con Xesús Cristo e como colaboramos para que esta chamada sexa oída e respondida por algúns cristiáns das nosas comunidades e parroquias?

A chamada de Deus é sempre nova

Deus chama continuamente e a súa chamada non ficou invariablemente fixada unha vez de forma inmutable e definitiva. A chamada é definitiva porque Deus non a retira, pero o discípulo non a descobre dunha vez con todas as implicacións, senón que a irá descubrindo gradualmente e pode atopar novidades e sorpresas que non tiña imaxinado. Isto é o que o IV Evanxeo suxire no relato das chamada aos primeiros discípulos: vinde e veredes.

A chamada a Pedro vai pasando por sucesivas etapas, algunhas delas bastante desconcertantes que o fan pasar por crises e por probas que seguramente ao principio non sospeitou nin remotamente.

Quen deixou todo por seguir a Xesús pasa pola dura experiencia de renegar de Cristo e de testemuñar que non o coñece. Pero o futuro pescador de homes terá que descubrir que implica ser pedra e fundamento da Igrexa, ser o pastor do rabaño de Cristo, dar o paso de rachar os muros de división entre xudeus e pagáns anunciándolles a estes a boa Nova de Cristo e comezando a construír a Igrexa entre os xentís. El será o primeiro na fe (Mt 16,17; Xn 6,68-69) e tamén o primeiro en amar a Xesús Cristo (Xn 21,15-17). Todo isto Pedro chega a vivilo con entusiasmo, con ousadía, pero tamén con crises e con vacilacións.

Algo semellante podemos dicir do itinerario vocacional de Paulo. A chamada supón unha conmoción de toda a súa vida. O Señor vaille mostrando gradualmente a súa misión a través da acción do Espírito Santo, da mediación das comunidades, do discernimento que el fai co grupo dos Apóstolos e da misión que comparte cos seus

colaboradores. Chegar a descubrir a vocación específica de evangelizar os xentís foi un proceso dificultoso non exento de tensións e incluso de conflitos, que non se albiscaban ou sospeitaban no camiño de Damasco (Gal 1-2; Feit 15,4-35).

Tamén nós hoxe, no noso itinerario vocacional estamos na mesma situación e camiñamos abertos a sorpresas, a novas propostas que nos fai o Señor cuxa chamada é sempre nova e actual. A novidade pode vir dunha nova misión que nos confía a Igrexa da que formamos parte, da caridade pastoral que nos mergulla e compromete máis fortemente na vida e no camiñar da nosa xente coa que compartimos as súas inquedanzas, os seus problemas e tamén os seus gozos e esperanzas. Os acontecementos e os signos dos tempos son tamén mediacións a través das que o Señor nos interpela e nos invita a renovarnos na misión ou a asumir unha nova misión específica dentro da misión única da Igrexa que é evangelizar.

O proceso vocacional non se pode dar nunca por concluído. A ordenación non é a meta final, o camiño vocacional concluído, senón a decisión de ser cada día instrumentos dóciles, servidores humildes a través dos que o Señor continúa realizando o seu designio de salvación sobre a humanidade e sobre o mundo. San Paulo recórdalle isto mesmo a Timoteo cando lle advirte: *recórdoche que reavives o carisma de Deus, que hai en ti por a imposición das miñas mans* (2 Tim 1,6).

O carisma do ministerio ordenado é unha graza que compartimos con todos os irmáns para a construción da Igrexa de Cristo, por isto é tan necesaria a comunión e a fraternidade para permanecer fieis e abertos aos dons e as chamadas do Señor procurando axudarnos e animarnos uns aos outros no exercicio do ministerio: *Cada un esfórcese en servir os outros cos seus dons, os que de Deus recibiu, como corresponde a bos administradores dos diferentes dons de Deus. Quen fala que sexa voceiro de Deus; quen sirva, que o faga coa forza que Deus lle dá, para que en todo Deus reciba a gloria por medio de Xesús Cristo* (1 Pe 4,9-10). Unha vez máis tomamos conciencia da dimensión comunitaria da chamada de Deus e da necesidade de vivir a vocación e a misión neste contexto de comunión, de colaboración e

tamén de gratuidade. San Paulo móstranos que a misión é ante todo obra da graza de Deus. Secundar a graza de Deus non nos converte en persoas inactivas que esperan que Deus faga todo. É a graza de Deus a que nos estimula e nos permite responder de forma activa e incansable a tanta graza recibida: *pero por a graza de Deus son o que son, e esa graza que fixo comigo non ficou baleira. Ao contrario traballei máis ca todos eles; anque non precisamente eu, senón a graza de Deus que está comigo* (1 Cor 15,10).

Cada día o Señor invítanos a facer memoria de que fomos elixidos por graza, de que somos agraciados e de que entregamos a nosa vida coma regalo en gratuidade. Neste camiñar sabemos que é moi necesario o estímulo, o ánimo e o alento dos irmáns que recibiron a mesma graza e foron chamados para a mesma misión. Por isto é preciso buscar espazos, favorecer encontros onde se poida dialogar, compartir, reflexionar e orar para sentírmonos renovados, ilusionados e gozosos na resposta á chamada do Señor e na misión do anuncio do Evanxeo. San Xoán Crisóstomo exhortaba a este exercicio de comunión ao nivel espiritual. Todos sabemos que a espiritualidade consiste en deixarse conducir por o Espírito e que o Espírito é a alma da misión. Cultivar a espiritualidade e compartir a experiencia espiritual é xa estar compartindo e alimentando a pastoral, pois a espiritualidade do presbítero é unha espiritualidade apostólica: “Comunicarse mutuamente as cousas espirituais é sinal de amor fraterno, de parentesco entrañable e de afecto sincero”.

2. O Maxisterio da Igrexa

PDV 34-38. PO 11

O maxisterio da Igrexa fainos tomar conciencia de que a chamada de Deus é un don, acontece e escoitase sempre nun contexto eclesial e comunitario, tendo moi claro que a iniciativa correspóndelle ao Señor, que chama a quen El quere para confiárlle a misión.

Toda vocación cristiá encontra o seu fundamento na elección gratuíta e precedente de parte de Deus Pai. Toda vocación, e por isto mesmo a vocación ao ministerio ordenado, é un don e unha graza de Deus. Sen embargo esta vocación nunca se concede fóra ou

independentemente da Igrexa, senón que sempre acontece na Igrexa, pois que ela mesma se configura coma misterio de vocación. O seu mesmo nome indica esta característica: Asemblea de convocados (PDV 34-35).

A vocación sacerdotal é un don da graza de Deus, e non un dereito do home, de tal xeito que nunca se pode considerar a vida sacerdotal coma unha promoción simplemente humana, nin a misión do ministro coma un simple proxecto persoal.

Aquí radica a diferenza entre a vocación e a profesión, que nalgúns ámbitos poden chegar a identificarse e confundirse dando lugar a malentendidos e conflitos. A vocación nace no diálogo da fe entre Deus e a persoa que recibe a chamada. Isto acontece dentro da Igrexa, por isto mesmo a ela lle corresponde discernir e verificar a autenticidade da chamada. En todo proceso vocacional han de aparecer con claridade o amor gratuíto de Deus que ten sempre a iniciativa e a liberdade do home na adhesión á chamada de Deus e na entrega a el de toda a súa vida (Cfr PDV 36).

A vocación, como xa queda ben subliñado, non é un acontecemento individual, senón eclesial e comunitario. Isto ha de ser moi cultivado e acentuado non só no tempo da formación no Seminario, senón tamén en toda a vida sacerdotal e pastoral, moi especialmente por medio da formación permanente, fronte as correntes de individualismo e de intimismo do contexto cultural e incluso relixioso que se respiran hoxe, como advertía xa PDV: “No contexto actual non falta a tendencia a concibir a relación do home con Deus dun modo individualista e intimista, como se a chamada de Deus chegase a cada persoa por vía directa, sen ningunha mediación comunitaria, e tivese como meta unha avantaxe, ou a salvación mesma de cada un dos chamados e non a dedicación total a Deus no servizo á comunidade” (PDV 37).

Este contexto cultural está tamén latente e activo en moitos cristiáns, especialmente na mocidade acompañado de crises de fe que van desembocar tamén nas crises de vocacións. A crise das vocacións ao presbiterado ten raíces profundas no ambiente cultural e na mentalidade e a praxe dos cristiáns.

3. A Pastoral vocacional

Un dos capítulos no que o Maxisterio insiste é o da Pastoral vocacional, que precisa ser reflexionado e actualizado no contexto cultural e eclesial que estamos vivindo e na realidade da nosa diocese nestes momentos. Un dos grandes desafíos que se nos presenta é como traducir á nosa realidade as recomendacións do Maxisterio, sabendo que os cambios sociais e culturais teñen sido moi fortes. Sabemos que non se pode responder á realidade de hoxe con modelos e propostas do pasado, sexa antigo ou sexa recente. Velaí un grande reto á creatividade pastoral.

Sabemos, por outra banda, que a procura e promoción das vocacións ao presbiterado, non é responsabilidade exclusiva do bispo e do Delegado de Vocacións, senón que lle incumbe a toda a Igrexa e moi especialmente aos membros do presbiterio. Velaquí un campo onde a sinodalidade e a eclesialidade han de ser coidadas con esmero e onde o traballo ten que ser obra de todos.

As circunstancias son moi diferentes ás doutros tempos. É un feito que a maior parte dos presbíteros da diocese procedemos do mundo rural. Hoxe na maior parte das parroquias rurais non hai nenos nin adolescentes. A canteira vocacional desprazouse ás vilas e á cidade onde tradicionalmente o número de vocacións era escaso.

Outro factor a ter en conta é a baixa natalidade ao que hai que engadir o afastamento e a distancia da Igrexa das xeracións xoves.

Somos moi conscientes de que non poderá haber vocacións ao ministerio ou á vida consagrada se non hai xoves que vivan a súa identidade cristiá e se os pastores non acompañan na fe e no camiño vocacional aos xoves e adolescentes. Se as parroquias non chegan a ser verdadeiras comunidades de crentes, se a mocidade segue tan ausente e afastada da Igrexa, se Xesús Cristo é un descoñecido para os xoves, vai ser moi difícil que escoiten a chamada de Deus. Deus segue a chamar, pero se a súa voz non é próxima e familiar non se vai producir a resposta.

O primeiro paso para a pastoral vocacional é a formación de verdadeiros discípulos de Cristo a través da pastoral ordinaria das parroquias e dos grupos e movementos cristiáns que temos que

impulsar e acompañar. Quizais o baleiro que se produce hoxe nos seminarios sexa un reflexo do baleiro que se dá nas parroquias no que atinxe á participación e á inserción da mocidade na vida eclesial.

O Papa Francisco interpela a toda a Igrexa para que sexa realmente misioneira. Con moitísima frecuencia repetimos esa frase que, na linguaxe das redes sociais, se fixo viral: Igrexa en saída. Quizais sexa esta unha das grandes necesidades e dos grandes retos da Igrexa de Ourense: saír ao encontro das novas xeracións, concretamente da mocidade. O presbiterio temos unha media de idade bastante elevada e a maior parte xa non nos sentimos con azos e con forzas para lanzarnos a esta aventura. Tampouco se trata de descargar toda a responsabilidade nos clero máis novo, que estará máis predisposto e con iniciativas e enerxías que os máis vellos xa fomos perdendo. Eles certamente terán que asumir esta responsabilidade posiblemente dunha forma máis directa e prioritaria. Certamente hai que saír ao encontro da mocidade, facerse presentes, escoitar, dialogar.

Mirando a todo o presbiterio diocesano, cal é a disposición e o ánimo para achegarse á mocidade e buscar iniciativas e camiños para a evanxelización do mundo xuvenil?

A diocese terá que elaborar un plan axeitado no que se impliquen non só os presbíteros, senón os leigos, os mozos. Un capítulo importante podería ser a formación de apóstolos xoves para evanxelize os xoves. Este podería ser o primeiro fermento da pastoral vocacional onde se descubriría a vida como vocación.

Nalgúns países de cristiandade antiga estase a producir un fenómeno novo, que é a chegada de sacerdotes doutros países que veñen como misioneiros ou que piden a incardinación nas dioceses. Pode ser unha maneira de paliar a falta de vocacións e a escaseza de clero, pero tamén un signo da catolicidade da Igrexa na que se comparten os carismas. As Igrexas que teñen abundancia de sacerdotes acoden a axudar as que están pasando algunha necesidade. Nalgúns sectores pénsase que é unha forma de corresponder ao que aconteceu noutro tempo, no que estas mesmas Igrexas enviaron moitos misioneiros e que agora felizmente elas pódennos auxiliar en virtude

da mesma comunión. Todo isto mostra a grandeza da comunión eclesial e estímúlanos a recoñecer esta graza e a sermos agradecidos.

Sen restar nada do que queda dito, tamén é preciso facer un bo discernimento e implicar dalgún xeito ao presbiterio e ao conxunto da Igrexa diocesana neste proceso, pois non se trata dunha fichaxe, senón dunha acollida na fe que pode incluír a incardinación. En moitos lugares ten habido problemas serios por a dificultade na inserción debido a que os presbíteros non coñecen nin a cultura, nin a tradición eclesial, nin sequera o perfil de párroco que poder ser bastante diferente da idea que eles traen da súa Igrexa de orixe. Ten que haber un tempo de acollida, de acompañamento e de formación antes de encomendarlle unha misión e tamén un seguimento despois da incorporación á vida apostólica. Non sempre se coñece ben a historia dalgúns candidatos e os informes teñen que ser contratados, pois non sempre son claros e transparentes. As decisións que se tomen poden ter un carácter definitivo e irreversible, por iso é tan importante que o discernimento non sexa feito de forma colexial e como un verdadeiro exercicio de comunión.

Esta situación nova, aínda que se iniciou xa hai un certo tempo, que retos nos presenta e que nos está esixindo e demandando como Igrexa particular e tamén como presbiterio diocesano?

Involucrar e implicar a todo o presbiterio no campo vocacional, de xeito que se faga cada vez máis clara e explícita a vocación cristiá e a partir desta vocación a posible vocación presbiteral (PO 11). Apertura a novas perspectivas e novas modalidades que fagan posible que se perciba e se poida responder hoxe á chamada de Deus.

Necesidade de dialogar, de implicarse no espertar vocacional e de discernir conxuntamente en colaboración cos formadores do Seminario, tanto no inicio da formación ao sacerdocio coma durante o proceso e a mesma admisión ás ordes.

Tema 2

UN SO MINISTERIO: O DE XESÚS CRISTO

Levar a cabo o ministerio que recibín do Señor Xesús de ser testemuña do evanxeo da graza de Deus (Feit 21,24).

San Paulo pronuncia estas palabras ante os presbíteros da Igrexa de Efeso en Mileto mostrando que a súa carreira, que a súa vida está centrada en realizar o ministerio que recibiu de Xesús de ser testemuña do Evanxeo da graza de Deus.

Nós os presbíteros recibimos todos este mesmo e único ministerio do que Paulo salienta a dimensión colexial e comunitaria, pois está rodeado dunha comunidade de presbíteros; a dimensión apostólica que nos converte en testemuñas; a natureza do anuncio que nos invita a realizar: o evanxeo da graza de Deus. Trátase dunha Boa Nova que leva o acento da graza, da gratuidade, o que o converte en algo que é fonte de gozo, de atractivo e de benaventuranza.

Botando unha ollada á nosa vida de presbíteros poderemos unha vez máis descubrir se o ministerio presbiteral que se nos confiou leva realmente estas marcas que o Apóstolo das Nacións subliña no encontro fraterno que ten co presbiterio da Igrexa de Efeso.

O ministerio sacerdotal que recibimos os presbíteros é único. Non hai máis ca un so ministerio, o de Xesús Cristo, do que participamos todos os presbíteros. Por isto ninguén pode dicir o meu ministerio, como se fose unha propiedade individual e diferente do ministerio dos outros irmáns do presbiterio.

No primeiro tema xa subliñamos a dimensión comunitaria da chamada de Deus á vocación apostólica e así mesmo a misión e o papel activo da comunidade nos procesos vocacionais e no discernimento das vocacións.

Neste segundo momento imos meditar, dialogar e verificar na vida apostólica como estamos a vivir o único ministerio de Xesús Cristo en comunión e fraternidade, pois que todo presbítero representa a fai presente a Xesús Cristo en virtude da ordenación sacerdotal que un día nos foi conferida.

1. Xesús Cristo sacerdote?

O ministerio ordenado que se vive e realiza por o exercicio da caridade pastoral é unha graza, un don, un carisma comunitario ou colexial. Por esta razón os presbíteros somos especialmente irmáns por o mesmo ministerio. Só hai un ministerio, o de Xesús Cristo e os presbíteros recibimos un só e único ministerio que é o mesmo para todos.

O centro e o corazón do ministerio ordenado é a configuración con Xesús Cristo a quen representa e fai presente no medio da comunidade cristiá, como ensina a Igrexa en toda a súa historia e nos recordaba Xoán Paulo II case á fin do segundo milenio: “O sacerdote de mañá deberá asemellarse a Cristo non menos có sacerdote de hoxe. Cando Xesús vivía sobre a terra, Xesús ofreceu en si mesmo o rostro definitivo do presbítero, facendo realidade o sacerdocio ministerial, do que os apóstolos son os primeiros investidos. Este ministerio está destinado a permanecer en todos os períodos da historia”¹.

O Novo Testamento evita chamar sacerdotes aos responsables e aos dirixentes das comunidades cristiás, comezando por os mesmos apóstolos. Cunha grande determinación o Novo Testamento crea un vocabulario novo, tomado do mundo existencial, “profano”, e non do mundo relixioso-ritual. Así os que teñen a responsabilidade de liderar, de formar e animar as comunidades son designados con diferentes títulos que se empregaban no ámbito civil: enviados (apostoloi), supervisores (*episkopoi*), servidores (*diakonoi*), dirixentes (*hgoumenoi*), os que traballan con afán (*kopiuntej*). Esta linguaxe foi buscada con intención e ten unha clara finalidade. Os dirixentes da Igrexa non teñen nada que ver coa comprensión relixiosa do sacerdocio, senón co feito existencial da vida entregada, ata morrer.

Só a carta aos hebreos lle dá a Xesús Cristo o título de sumo sacerdote. Recupera a linguaxe sacerdotal que ve reflectida dunha forma nova e plena na paixón, morte e resurrección de Cristo e interpreta estes acontecementos en clave sacerdotal, pero non ritual senón existencial.

¹ Insegnamenti di Giovanni Paolo II, XIII. 1. 1990.

Xesús Cristo non era sacerdote nin pertencía a ningunha familia nin caste sacerdotal. El era un leigo, sen embargo el é o único sacerdote da nova alianza. A súa vida e a súa misión son o verdadeiro culto agradable a Deus, o verdadeiro sacrificio que Deus acepta e o único mediador entre Deus e os homes: *Sacrificios e ofrendas non os quixeches, pero formáchesme un corpo... entón dixen: olla que xa cheguei, meu Deus, para facer a túa vontade... Foi por esta vontade de Deus por a que quedamos santificados coa ofrenda única e para sempre do corpo de Cristo* (Heb 10,4-10).

O sacerdocio de Cristo rompe co carácter sacral das relixións e do Antigo Testamento, que poñía o acento na separación e na segregación apartando ao sacerdote do resto do pobo. En troques o sacerdocio de Cristo é, como xa dixemos, existencial, pois abandona os preceptos de separación ritual para insistir na esixencia de solidariedade fraternal, de facerse semellante en todos aos irmáns (Heb 2,16-18). Aquí atópase a fonte da caridade pastoral que configura o ministerio presbiteral. Esta maneira de comprender o sacerdocio era para os xudeus un contrasentido, algo inconcibible.

2. O ministerio da Nova Alianza

Dentro do grupo de discípulos o Señor chamou a Doce e encomendoulles a misión que El mesmo recibira do Pai. Xesús ten con eles unha relación e un trato moi especial. Convive con eles un tempo longo de coñecemento, de formación de compartir a vida en profundidade de xeito que eles van a ser capaces de levar a cabo a mesma misión de Xesús.

O grupo dos Doce foi escollido por Xesús para seren os fundamentos da Nova Xerusalén, é dicir, da Igrexa: *A muralla tiña doce alicerces e os alicerces, doce nomes, que son os doce Apóstolos do Año* (Apc 21,14). Os alicerces, os fundamentos non están á vista, pero son moi importantes. Non se trata de poñer o acento nas cousas exteriores, senón de cultivar o interior, o que non se ve (2 Cor 4,16-18). Este grupo e a misión confiada era tan fundamental que foi preciso completalo por causa da traizón e da morte de Xudas. O relato de elección de Matías xa nos revela como o ministerio apostólico é o

ministerio do Espírito e tamén como é diferente o grupo dos Doce do resto de discípulos que os acompañaban na espera de recibir o don da promesa do Pai (Feit 1,21-26).

As palabras de Xesús xa apuntan á fraternidade sacramental, aínda que naqueles momentos non era posible unha formulación tan precisa a nivel teolóxico. Xesús failles ver aos apóstolos que eles han de proclamar a súa Palabra e todo o que lle fagan a eles Xesús considérao como feito a el mesmo: *Quen vos escoita a vós, escóitame a min, e quen vos rexeita a vós, rexéitame a min; pero o que me rexeita a min, rexeita a quen me enviou* (Lc 10,16). Algo semellante acontece tamén coas obras que os apóstolos van facer, pois serán as de Cristo e aínda el lle vai conceder a facultade de facer obras maiores: *Con toda verdade volo aseguro: quen cre en min, fará el tamén as obras que eu fago, farás meirandes aínda, pois eu estou para ir onda o Pai* (Xn 14,12).

O ministerio presbiteral ten a súa fonte no ministerio apostólico. É un don, é obra da acción do Espírito e é conferido pola Igrexa, que chama e escolle. Non obedece nunca a unha iniciativa individual. Este ministerio espiritual (realizado por o Espírito Santo) é o que a Igrexa lle confire e lle confía a algunhas persoas que son escollidas e chamadas. Este ministerio é conferido desde a época apostólica mediante a imposición de mans, pola que recibe o don do Espírito Santo, que o capacita para a misión e o ministerio que a Igrexa lle confía. E é tamén o Espírito o que fai dos apóstolos verdadeiras testemuñas de Xesús Cristo: *Cando veña o Paráclito que eu vos hei de enviar de onda o Pai, o Espírito da verdade, dará testemuño acerca de min; e tamén vós daredes testemuño, pois levades comigo desde o comezo* (Xn 15,26-27).

O ministerio presbiteral é o ministerio do Espírito e da Nova Alianza: 2 Cor 3,1-11; 5,11-6,10. É o Espírito de Deus o que capacita ao ministro ordenado para exercer o ministerio malia as súas fragilidades e límites. O ministerio é un e único. Por isto todos os ministros han de ser un só en Xesús Cristo como el é un co Pai no Espírito, tal como se expresa na longa oración no seu discurso de despedida (Xn 17; Mt 23,8-12).

Velaquí un grande desafío para os presbíteros que teñen que ser unha soa persoa dentro do presbiterio formando por tantos membros diferentes. A oración sacerdotal de Xesús, como testamento espiritual antes de consumir o sacrificio da súa vida facendo a vontade do Pai, constitúe para os presbíteros unha referencia permanente e un viero a seguir na vida apostólica en unidade e comunión co presbiterio. Se facemos referencia frecuentemente ao Mandamento Novo que vai permitir recoñecer os discípulos de Cristo por amar coma Xesús, a unidade que Xesús pide nunha oración teimosa e reiterada é tamén urxente, pois é condición para que o mundo crea.

O ministerio e a misión son conferidos pola imposición de mans na que ten unha presenza e participación a comunidade e o colexio dos presbíteros (Feit 6,1-6; 9,17; 13,1-4; 19,6-7; 1 Tm 4,14; 5,22; 2 Tm 1,6).

4. Documentos do Maxisterio da Igrexa

O maxisterio eclesial, ben arraigado na Escritura e na tradición da Igrexa, afirma o único ministerio de Cristo no sacerdocio do Novo Testamento. Así mesmo subliña a dimensión colexial e eclesial do ministerio do presbiterado en estreita comunión co bispo e co presbiterio diocesano (CD 16; 28).

A ordenación presbiteral non só capacita ao presbítero para representar a Xesús Cristo e actuar no seu nome, senón que cada sacerdote forma parte do orden dos presbíteros. O presbítero non existe el só nin pode situarse na Igrexa cunha forma de ser e de facer individual. O presbítero existe con outros, cos seus irmáns do Presbiterio formando unha unidade. A ordenación non é un acontecemento individual, senón comunitario e colexial, é dicir, eclesial e tamén sinodal: “Por medio da común ordenación sagrada e da común misión, todos os presbíteros únense entre si en íntima fraternidade, que debe manifestarse nunha axuda mutua e xenerosa, tanto espiritual coma material, tanto pastoral coma persoal, nas reunións, na comunión de vida, de traballo e de caridade” (LG 28).

Os documentos do concilio Vaticano II, especialmente *Presbyterorum Ordinis* e *Lumen Gentium*, poñen o acento na

dimensión colexial e eclesial do ministerio en unión co bispo e todos ao servizo da única misión que Xesús lle confiou á Igrexa: “pois que aínda que se entreguen a diversas funcións, desempeñan sen embargo un so ministerio sacerdotal para os homes” (PO 8). Por isto mesmo o exercicio da misión, como veremos máis adiante, é un elemento fundamental para vivir a eclesialidade do ministerio e construír a comunión eclesial. Por tanto é constitutivo de todo presbítero existir con outros presbíteros en unión co bispo. Ver LG 28; PO 2; 7-8.

Por isto o individualismo, o exercicio do ministerio “por libre”, en solitario, sen coidar nin promover a comunión de forma activa, a acción pastoral conxunta e a vida fraterna, son un atentado contra a sacramentalidade do ministerio ordenado, tal como o salienta o mesmo concilio: “Ningún presbítero, por tanto, pode realizar ben a súa misión de maneira illada, senón unicamente unindo forzas con outros presbíteros baixo a dirección dos que presiden a Igrexa” (PO 7).

A dimensión comunitaria e colexial é fortemente acentuada nos documentos do concilio e constitúe un gran reto para o noso presbiterio. Os documentos do maxisterio posteriores ao concilio Vaticano II levan moi marcado esta dimensión comunitaria e colexial. Destacamos de xeito especial a exhortación postsinodal “Pastores Dabo Vobis” insistindo en que o ministerio mais que unha vocación é unha convocación, pois que un grupo de irmáns que forman parte do Pobo de Deus recibiron a mesma chamada, é dicir, foron convocados para a mesma misión e para desempeñar o mesmo ministerio: O ministerio ordenado, por a súa propia natureza, só pode ser desempeñado na medida en que o presbítero estea unido a Cristo por medio da inserción sacramental no orden dos presbíteros e igualmente en comunión xerárquica co propio bispo. O ministerio ordenado ten unha radical forma comunitaria e só se pode exercer coma unha tarefa colectiva” (PDV 17; 70).

Pastores Dabo Vobis, seguindo a liña do Vaticano II, pon tamén o acento na dimensión colexial e sinodal do ministerio fronte a certo individualismo e parroquialismo bastante estendidos na forma de exercer o ministerio presbiteral en tantas dioceses e presbiterios. A unidade dentro do presbiterio ten a súa fonte na unidade da Santísima

Trindade e así mesmo no único e no mesmo ministerio de Cristo que recibimos todos os presbiterios. Este lazo de unión tan profundo é a fraternidade sacramental que é don de Deus: “Os presbíteros mediante o sacramento do Orden, están unidos con un lazo persoal e indisoluble a Cristo, único Sacerdote. O Orden confírese a cada un en singular, pero quedan insertos na comunión do presbiterio en unión co bispo” (PDV 74). Dúas cousas ben importantes podemos subliñar: falando con propiedade os presbíteros non somos sacerdotes, pois o único sacerdote é Xesús Cristo. A segunda é que o ser do presbítero e a misión do presbítero non se viven a nivel individual, senón insertos en comunión con todo o presbiterio presidido polo bispo. De todo isto podemos tirar as consecuencias e discernir os desafíos e as chamadas á conversión para vivir con fidelidade a vocación e a misión que nos foi confiada.

A unidade e a fraternidade que brotan do sacramento do Orden amósase e prolóngase no exercicio do ministerio: “Esta orixe sacramental amósase e prolóngase no exercicio do ministerio presbiteral: do *mysterium* ao *ministerium*. A unidade dos presbíteros co Bispo e entre si non é algo engadido desde fóra á natureza propia do seu servizo, senón que expresa a súa esencia como solicitude de Cristo Sacerdote por o seu pobo congregado por a unidade da Santa Trindade. Esta unidade do presbiterio, vivida no espírito da caridade pastoral, converte os sacerdotes en testemuñas de Xesús Cristo, que orou ao Pai para que todos sexan un” (PDV 74). A unidade e a sinodalidade no Presbiterio non son para reforzar o corporativismo ou o espírito de caste, senón que teñen unha dimensión apostólica e pastoral, pois que manan da caridade pastoral, do amor ás comunidades cristiás e ás persoas ás que os presbíteros son enviados e ás que consagran a súa vida e o seu amor.

A comunión e a unidade do presbiterio non quere dicir uniformidade e que todos os presbíteros estean cortados polo mesmo patrón ou feitos en serie. Só pode haber unidade cando hai diversidade.

A diversidade e as diferenzas xa as atopamos no mesmo colexio apostólico, onde Xesús reuniu a xente moi diversa. O perigo non está na diversidade ou nas diferenzas, senón na uniformidade, en querer

someter a todos a un xugo dominante. Esta é unha grande tentación e un combate qui hai que afrontar, pois a tendencia de dominar, de someter ou de imporse é algo que todos levamos nas entrañas.

A diversidade é a gran riqueza que aportamos á unidade. Por isto a alegoría da unidade do corpo a partir dos diferentes membros (1 Cor 12) tamén é moi apropiada para comprender a vida do organismo vivo que é o presbiterio. Os presbíteros reciben dons e carismas diferentes para o servizo e o crecemento de toda a Igrexa. Lonxe de velos con reserva, con receo ou desconfianza han de ser acollidos como unha fonte de enriquecemento e dunha maior unidade para a vida da Igrexa diocesana. O Concilio Vaticano II reconece o aporte valioso que poden facer á vida do presbiterio diocesano algunhas asociacións sacerdotais, institutos seculares e sociedades de vida apostólica: “tamén hai asociacións con estatutos aprobados por a autoridade eclesiástica que fomentan a santidad dos sacerdotes no exercicio do ministerio... Hai que apreciar moito estas asociacións e favorecerlas dilixentemente”. Isto mesmo recolle a exhortación PDV subliñando que a espiritualidade destas asociacións está enraizada na espiritualidade do clero diocesano e potencia máis explicitamente algún elemento propio da mesma (PO 8; PDV 31).

Como se percibe e se vive isto no noso presbiterio?

Ver PDV 31; 73-75

Discurso del Papa Francisco al Seminario de Bolonia



Tema 3

EN COMUNIDADE DE DISCIPULOS

Eu déixovos nas mans de Deus e da súa palabra de graza (Fet 20,32).

Feit 20,22-23; Lc 9,51.

Vemos como Paulo comparte co presbiterio da Igrexa de Efeso o seu camiño de discípulo, de configuración e identificación con Xesús Cristo a quen segue ata ir a Xerusalén onde lle agardan persecución e tribulacións. Esta identificación de Paulo con Cristo mostra que el percorreu con fidelidade o camiño de discípulo de Xesús e seguiu cargando coa cruz, sobre todo aquela que ven da misión de anunciar o Reino de Deus: *Se alguén quere vir detrás de min, que cargue coa súa cruz de cada día, e que me siga* (Lc 9,23).

No primeiro tema xa constatamos que a chamada que fai Xesús aos primeiros discípulos e ao grupo dos Doce ten un marcado acento comunitario, que queda reforzado e acentuado por a misión que lle confía realizar (Mc 1,16-20; 3,13-19).

Os apóstolos e outros grupos notables de discípulos (os sete diáconos, a longa lista de colaboradores de Paulo) fan o camiño do seguimento de Xesús Cristo, van sendo formados polo Mestre como grupo, como colexio apostólico. Unha mostra disto é a lista dos apóstolos que aparece nos evanxeos e no libro dos Feitos dos Apóstolos.

A chamada a seguir a Xesús non se dá unicamente nun momento puntual nin acontece toda dunha vez, senón que é dinámica, está aberta a novas dimensións que quizais non se adiviñaban na primeira chamada. Isto móstranos a importancia da formación, de vivir en estado de formación permanente para descubrir a novidade e o dinamismo profundo da vocación. Deste xeito evitaremos o risco de caer na rutina e incluso na fosilización desa primeira chamada.

A primeira vista o camiño do seguimento de Xesús Cristo pódese presentar como moi esixente e moi radical. Implica un cúmulo de renunciadas, de despoxo, de desprendemento que a moitos os

fai ollar para atrás e dicir que iso non é para el, como vemos reflectido na reacción do xove rico que é chamado a seguir ao Mestre deixando todo (Mc 10,16-26). Sen embargo non é esta a maneira de ver e comprender ben a chamada ao seguimento de Xesús. Este camiño só se pode facer desde unha ollada de fe e desde o amor e a confianza total no Mestre. A nosa decisión de seguir a Xesús Cristo non nace dun voluntarismo ascético, senón da contemplación na que nos deixamos agarrar e seducir pola persoa de Xesús Cristo na súa condición de Enviado a construír a nova humanidade. Todas estas renuncias non teñen unha finalidade ascética senón que están en función da verdadeira eficacia apostólica. Este é ademais, o camiño seguido por Xesús o Mestre tal como o presenta o himno da carta aos Filipenses: *El, con ser de condición divina, non se agarrou cobizosamente á súa categoría de Deus... asumiu a condición de escravo... fíxose un home normal abaixouse a si mesmo, facéndose obediente ata a morte, e a morte na cruz! Por iso Deus o exaltou sobre todo...* (Flp 2,6-11).

1. O presbítero é un discípulo

O presbítero é unha persoa chamada por o Señor para ser seu discípulo. Por moito que progrese o sacerdote no camiño da súa vocación, sempre deberá ser consciente de que é un discípulo que segue ao Señor, pois o inicio do seu ser e da súa vocación non está nel, senón na chamada libre e gratuíta de Deus. A forma de vivir a sacramentalidade do ministerio, de reavivar o carisma da imposición das mans é sendo discípulo de Xesús e seguindo cada día ao Mestre.

Quen é un verdadeiro discípulo? O discípulo de Xesús Cristo é o home que está cheo do espírito do seu Mestre, que pensa coma o seu Mestre, que actúa coma o seu Mestre, que o segue en todo e a todas partes.

Xesús é o verdadeiro Mestre e formador dos discípulos. Eles van experimentar no tempo que están con Xesús o que nós mesmos tamén vivimos e experimentarmos no proceso de formación permanente: para chegar a ser apóstolo, enviado a anunciar a Boa Nova, hai que facerse discípulo de Xesús e deixarse formar o moldear polo Mestre.

2. Algúns acentos da pedagogía formativa de Xesús cos seus discípulos.

Para ser discípulos de Cristo o Mestre Xesús propón unhas liñas a seguir e unhas opcións a tomar:

Renunciar a si mesmo e asumir a cruz: *Se alguén quere ser discípulo que renegue de si mesmo, que cargue coa súa cruz* (Lc 9,23).

Amar como Cristo nos amou: *Douvos un mandamento novo: amádevos uns a outros, como eu vos ameí... Nisto coñecerán todos que sodes os meus discípulos: se vos tedes amor uns a outros* (Xn 13,34-35).

O discípulo glorifica a Deus Pai dando froitos abondosos se permanece unido ao seu Mestre: *Nisto é glorificado meu Pai: en que levedes froito abondoso e vos mostredes coma discípulos meus* (Xn 15,8).

A renuncia aos bens da terra abrazando a pobreza evanxélica: *Aínda che falta unha cousa: vai, vende todo o que tes, e repárteo entre os pobres, e terás un tesouro no ceo; e despois ven e sígueme* (Mc 10,21).

Imitar e seguir ao mestre coa disposición de deixarse formar e guiar por as orientacións e os camiños que o Mestre vai trazando e mostrando: *Non é o discípulo máis có seu Mestre, nin o servo máis có seu Señor. Abóndalle ao discípulo chegar a ser coma o seu Mestre; e ao servo coma o seu Señor* (Mt 10,24-25).

Recoñecer a autoridade do Mestre para deixarse ensinar por el nun proceso permanente de formación ata ir adquirindo a forma de ser de Xesús Cristo: *Comprendedes o que fixen convosco? Vós chamádesme Mestre e Señor e dicides ben porque o son. Logo, se eu, o Señor e o Mestre, vos lavei os pés, tamén vós debedes lavarvos os pés uns a outros. Deivos así un exemplo, para que, coma eu fixen convosco, así fagades tamén vós* (Xn 13,12-15).

Para o cristián e do mesmo xeito para o presbítero Xesús Cristo é o único Mestre a quen lle concede toda autoridade no seu maxisterio. A súa gran aspiración é ser coma o seu Mestre e configurar a súa vida e a súa persoa conforme á persoa de Xesús Cristo. O Señor faille ver ao

grupo dos Doce que el é o único Mestre: *Pero non vos fagades chamar mestre, pois un só é o voso Mestre, e todos vós sodes irmáns* (Mt 23,8-10).

Paulo, o apóstolo por excelencia, fíxose discípulo do Señor seguíndoo ata a cruz e deixándose configurar e modelar por el, de tal xeito que nel brillaban as feituraas do mesmo Cristo. El leva os sinais do crucificado e os seus sufrimentos para participar no Misterio Pascual: *de hoxe en adiante que ninguén me amole, porque levo no meu corpo as marcas de Xesús* (Gal 6,17). *Por todas partes levamos no noso corpo a morte de Xesús, para que a vida de Xesús se manifeste tamén no noso corpo* (2 Cor 4,10; Col 1,24-25). Desta maneira Paulo vive esa profunda experiencia de identificación con Cristo, de vivir en Cristo: *Fiquei crucificado con Cristo e vivo: mais xa non vivo eu; é Cristo quen vive dentro de min. E inda que agora vivo unha vida mortal, vivo a fe do Fillo de Deus, que me amou e que se deu en sacrificio por min* (Gal 2,19-20). Esta comunión e identificación co Mestre é o que máis tarde se chegou a expresar con esta frase tan estendida e rotunda: o sacerdote é outro Cristo. Esta é a meta do noso camiño de discípulos e a maneira máis fermosa e diáfana de vivir a sacramentalidade do ministerio. O presbítero remite e fai ver a Cristo na súa vida e na súa misión.

3. As tres estacións do discípulo de Xesús Cristo

O ideal e a meta do discípulo é chegar a ser coma o seu Mestre (Mt 10,25). Por isto mesmo a comunidade de discípulos e de apóstolos ou misioneiros, que somos o presbiterio diocesano, fomos elixidos para seguir ao Mestre e facer o seu mesmo camiño que se pode resumir nestas tres etapas que revelan a identidade, a misión e o misterio de Cristo: a encarnación, a cruz e a Eucaristía.

O himno da carta aos Filipenses introdúcenos neste misterio de comunión e de seguimento de Xesús Cristo nesas tres estacións do seu camiño onde o encontramos os discípulos e o damos a coñecer a través da nosa forma de vida e da misión que nos encomendou: son o presebe de Belén, o Calvario e o tabernáculo. O noso ministerio presbiteral ha de ter estas tres marcas da encarnación, da cruz e da Eucaristía. A nosa

vida de discípulos, que fomos ordenados presbíteros, ha de ser unha referencia continua e clara de Xesús coma o Servo sufrinte (encarnación), coma o Fillo obediente (cruz) e coma o Añó inocente (eucaristía).

A encarnación

Os escritos do Novo Testamento presentan o misterio da encarnación á luz da experiencia da Pascua. O camiño seguido polo enviado do Pai é un camiño de abaixamento, un camiño descendente (Flp 2,6-7). O Fillo de Deus abrazou a condición humana desde o último lugar, sen acollerse a ningunha situación de privilexio, en solidariedade cos últimos da escala social. Xesús o Fillo benquerido, ao asumir a condición humana, fíxose servidor e escravo. Abrazou a pobreza máis radical por amor e despoxouse da súa gran riqueza, que é a condición de ser Deus para revestirse da nosa fráxil condición humana facéndose un coma nós. Este é o gran valor da opción por a pobreza evanxélica, que non leva ao empobrecemento senón que é fonte de riqueza (2 Cor 8,9). A pobreza evanxélica só se pode vivir como unha graza desde a configuración con Xesús Cristo pobre na encarnación.

Como estamos nós a seguir o camiño de abaixamento e de mergullarnos na vida da nosa xente, a maior parte vella, fráxil, soa e cargada de tantos problemas propios do tempo presente, que tanto incomodan e desconcertan? Que retos nos presenta a presenza e o acompañamento das nosas parroquias atomizadas e dispersas? Afrontar estes desafíos é un traballo comunitario que non pode quedar á iniciativa do que se lle ocorra a cada quen.

A Cruz

O abaixamento e a kénose do Verbo encarnado chegan ao cumio na condena e na morte de Xesús na cruz. A cruz de Cristo é anunciada xa nos evanxeos da infancia e na mesma presentación de Xesús na sinagoga de Nazaret cando inicia o seu ministerio pastoral (Lc 4,28-30).

Xesús é o Fillo obediente que veu ao mundo para facer a vontade do Pai, que é reunir aos fillos de Deus que a desobediencia de Adán dispersara e enfrontara. Facer a vontade do Pai e levar a cabo o seu plan salvador fai de Xesús o Fillo obediente, pero convérteo ao mesmo tempo en signo de contradición para tantos que rexeitan este camiño do Reinado de Deus.

A obediencia e a fidelidade de Xesús á vontade do Pai está presente en toda a súa vida e aparece cunha forza especial no relato das tentacións (Lc 4,1-13), na oración de Xetsemaní (Lc 22,42) e no Calvario (Mc 15,34; Lc 22,46). No medio de toda esta tormenta Xesús ten confianza no Pai cando todo parece que non ten saída nin remedio. El responde coa obediencia da fe. A cruz só se comprende desde a fe e desde o amor.

A fidelidade a Xesús Cristo comporta ser signo de contradición, ás veces entrar en confrontación e conflito cos poderes e institucións deste mundo sexan políticas, económicas ou culturais.

A comunión con Xesús Cristo crucificado introdúcenos na obediencia filial, a obediencia da fe. Por isto mesmo a fe é unha loucura para os que rexeitan crer e viven moi cheos de si mesmos e do espírito do mundo. Xesús mesmo foi considerado louco por os seus parentes (Mc 3,21) e tamén por algúns grupos dos xudeus (Xn 10,20-21; 8,48-49). Pero esta fe é moi necesaria nun presbiterio e en toda a animación pastoral.

Como estamos a experimentar nós a cruz no exercicio do ministerio? Como aparecen na nosa vida as marcas do crucificado? Como asumimos o rexeitamento ou a indiferenza especialmente das novas xeracións que con moita autosuficiencia “pasan” do que nós presentamos e representamos? Os escasos éxitos pastorais como nos están marcando?

A Eucaristía

O Cristo pobre e crucificado é tamén o Añó inmoldado, o Servidor entregado que se converteu en pan bo, en alimento para o pobo que ten fame de xustiza, de paz e liberdade, nunha palabra, de salvación.

O pan principal que Deus preparou para o seu pobo, a comunidade de crentes, é o seu propio fillo, a Palabra por excelencia que nos revela o seu gran amor pola humanidade e o seu desígnio de liberación.

Xesús converteuse en alimento, en pan do seu pobo porque puxo a súa persoa, a súa vida ao servizo do Pai e ao servizo dos homes, especialmente dos máis pequenos e insignificantes, facéndose servidor de todos para alimentalos e darlles a vida que non perece. Darse en alimento mostra o amor incondicional de Cristo. A Eucaristía celébrase nese contexto que narra o cuarto evanxeo: *Antes da festa da Pascua, sabía Xesús que lle chegara a hora de pasar deste mundo para onda o Pai; e xa que amara aos seus que estaban no mundo, amounos ata a fin* (Xn 13,1). Esta forma de amor é a que lle propón aos apóstolos no transcurso da derradeira Cea no Mandamento Novo que lles dá (Xn 13,34-35).

Este amor total, ata dar a vida é o que nós vivimos especialmente a través do celibato: un amor total e gratuíto. Por isto mesmo a Eucaristía é a fonte que alimenta o celibato consagrado e a caridade pastoral do presbítero que entrega toda a súa vida e o seu amor á porción de pobo de Deus que lle foi confiada. Ela chega a ser a súa verdadeira familia. Deste xeito o presbítero convértese coma Xesús Cristo en pan que alimenta e se deixa comer polas comunidades que lle foron confiadas ao seu corazón de bo pastor segundo o corazón de Deus.

O celibato pódese vivir coma un amor fecundo e fonte de alegría se o presbítero se vai configurando con Xesús Cristo pan de vida dándose el mesmo como alimento para o seu pobo.

A encarnación, a cruz e a Eucaristía son a síntese do misterio de Deus revelado en Cristo. Por isto mesmo o Presbítero, chamado a facer presente e a representar hoxe a Cristo ha de estar revestido destas tres marcas no seu ministerio. Esta triloxía abrangue toda a vida dos presbíteros unidos a Xesús Cristo pola fraternidade sacramental.

Estes tres misterios da vida de Xesús correspóndense cos Consellos evanxélicos, que son o programa do Reino en confrontación coas tres tentacións que son o antirreino.

Xesús	Encarnación	Cruz	Eucaristía
C. Evanxélicos	Pobreza	Obediencia	Castidade-celibato
Vida sacerdotal	A palabra	A fe	A caridade pastoral

Podemos verificar como estas tres triloxías están imbricadas e como se alimentan mutuamente na nosa vida espiritual e na nosa acción pastoral.

Como estamos colaborando e nos estamos axudando como colexio presbiteral e comunidade de discípulos a fundamentar ben a nosa vida no seguimento de Xesús ao servizo do anuncio do evanxeo?

Suxestións para preparar o tema e para compartir:

A CORDOVILLA, *Como el Padre me envió, os envío yo, Salamanca* (2019), p. 111-133.

Documento de Aparecida 129-153.



Tema 4

ENVIADOS

Coidade de vós e de todo o rabaño do que o Espírito Santo vos constituíu inspectores, para pastoreardes a Igrexa que Deus comprou co sangue do seu Fillo (Feit 20,28).

San Paulo fai esta exhortación aos presbíteros da Igrexa de Efeso pondo o acento na misión pastoral e na dimensión comunitaria e colexial do ministerio dos presbíteros. Este acento e esta insistencia son un elemento fundamental e constitutivo da nosa condición de presbíteros no seo do presbiterio diocesano.

A chamada ao discipulado complétase coa encomenda da misión, como xa se sinalou no tema anterior. O Señor chamou os primeiros discípulos ao seguimento para envialos logo a predicar (Mc 3,13-15). Esta segunda chamada onde se expresa a misión vai dirixida ao grupo dos Doce, que serán os fundamentos da Igrexa. Os relatos de misión ou de envío subliñan o carácter comunitario do ministerio apostólico, incluíndo a lista dos Doce e tamén o envío de dous en dous (Mt 10,14; Lc 10,1; Mc 6,1-6). O cuarto Evanxeo reitera a mesma liña comunitaria do ministerio e da misión que Xesús confía aos apóstolos: *coma o Pai me enviou a min, tamén eu vos envío a vós* (Xn 20,21).

Neste marco inscríbese o exercicio da misión pastoral dos presbíteros en estreita colaboración e acción conxunta de maneira semellante á misión e acción de Xesús que leva a cabo a obra do Pai coa forza do Espírito Santo.

1. Xesús o Enviado do Pai

Para afondar ben na comprensión da nosa condición de enviados é importante deterse e contemplar a Xesús Cristo coma o Enviado do Pai.

Xesús ten conciencia de que El non veu ao mundo por conta propia, senón que foi enviado polo Pai. Por isto mesmo El non veu a realizar a súa propia misión, o seu propio plan e proxecto senón a misión e o

designio salvador de Deus Pai. Así se presenta Xesús no inicio do seu ministerio en Galilea: *O Espírito do Señor está sobre min... envioume para anunciarlles a liberación aos presos, a vista aos cegos e a liberade aos asoballados* (Lc 4,18).

Xesús, que é o Fillo, o benquerido de Deus, ten conciencia de ser tamén o Enviado do Pai, tal como reiteradamente o expresa o IV evanxeo na oración sacerdotal (Xn 17) e noutras pericopas deste mesmo Evanxeo: (aos xudeus) *se o voso Pai fose Deus, amariádesme a min porque eu de Deus saín e veño. Pois non vin por min mesmo, senón que El me enviou* (Xn 8,42).

Como enviado que é do Pai el fala as Palabras do Pai e non predica nada pola súa propia conta: *Porque non falei pola miña conta, senón que o mesmo Pai, que me enviou, deume a encomenda do que debo dicir e do que hei de falar. E eu sei que a súa encomenda é vida eterna. Por iso, as cousas que eu falo, fáloas como me dixo o Pai* (Xn 12,49-50). Outro tanto se pode aplicar ás obras que realiza Xesús; non son as súas obras, el fai a obra e as obras de quen o enviou: *A miña comida é facer a vontade daquel que me enviou a levar a remate a súa obra* (Jn 4,34; 9,4; 10,25-33).

Esta breve reseña sobre Xesús Cristo, o Enviado do Pai, móstranos cales son as feituraas que teñen que configurar os presbíteros a quen Xesús Cristo elixe e envía para seguir realizando a misión que o Pai lle encomendou cando o enviou ao mundo.

2. Enviados de Xesús Cristo

Xesús forma aos seus discípulos para convertelos en apóstolos, é dicir enviados e testemuñas da súa acción e presenza salvadora. Este é o camiño que el continúa a facer cos presbíteros, a través da mediación da Igrexa nun estado de formación permanente de xeito que o presbítero sexa realmente referencia e transparencia de Xesús Cristo: *Quen vos escoita a vós, escóitame a min, e quen vos rexeita a vós, rexéitame a min* (Lc 10,16; Mt 10,40).

Esta configuración e identificación do presbítero con Xesús Cristo é a maneira máis clara de vivir e mostrar a sacramentalidade do gran don do ministerio que o Señor nos regalou. Do mesmo xeito que en

Cristo todo remite a Deus Pai, no presbítero todo remite e fai referencia a Xesús Cristo. O presbítero está chamado a ser hoxe o Cristo visible. Neste contexto e no que Xesús Cristo envía ao colexio dos Doce e neste envío inclusivo estamos os que recibimos o ministerio ordenado: *Coma o Pai me enviou a min, tamén eu vos envío a vós* (Xn 20,21). Sabemos que chegar a este grao de identificación con Cristo é obra do Espírito Santo, o gran don que o Señor envía aos apóstolos. El é quen forma a Xesús en nós e esta formación é permanente, pois o presbítero está sempre en formación ou en estado de formación: *E dito isto alentou sobre eles, e díxolles: Recibide o Espírito Santo: a quen lles perdoedes os pecados, quedaranlles perdoados; a quen llelos reteñades, quedaranlles retidos* (Xn 20,22; Lc 24,47-48).

O Enviado, pois é unha persoa que non se pertence a si mesma. Ela vive en relación con quen o envía e para cumprir coa misión e os mandados que lle encomenda. El é consciente de que non ocupa a primeira praza, de que non é o protagonista principal. Vivir ao servizo de quen o envía vai a ser a realización máis plena da súa vida.

Os mandatos de misión dos catro Evanxeos son referencia fundamental na vida dunha diocese e dun presbiterio, pois a Igrexa existe para evanxelizarse (EN 14).

O mandado misionero do IV evanxeo remite á fonte da misión, que é o Espírito Santo e ao anuncio do reino de Deus mediante a conversión e o perdón dos pecados: *E dito isto alentou sobre eles, e díxolles: recibide o Espírito Santo: a quen lles perdoedes os pecados quedaranlles perdoados; a quen llelos reteñades, quedaranlles retidos* (Xn 20,22-23).

O relato de Marcos pon o acento no anuncio do Evanxeo, que está destinado a todos e ten como obxectivo conducir á xente á experiencia da fe: *ide por o mundo enteiro, anunciando a Boa Nova a toda a creación. Quen crea e se bautice salvarase, quen non crea condenarase* (Mc 16,15-16).

O mandado misionero no evanxeo de Mateu pon o acento no proceso de facer discípulos, de que os crentes cheguen a seguir a Xesús Cristo e de que esta misión é obra de Cristo mesmo que vive e

permanece no medio das comunidades e dos mesmos apóstolos: *Ide, pois, e facede discípulos meus a todos os pobos, bautizándoos no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo; ensinándolles a gardar canto vos mandei, Asegúrovos que eu estarei sempre convosco ata a fin do mundo* (Mt 28,18-20).

Lucas pon o acento no don do Espírito Santo e no testemuño. É precisamente o Espírito quen fai do discípulo e do crente unha verdadeira testemuña de Xesús Cristo. E esta acción especial do Espírito recíbena os presbíteros por o rito da imposición de mans: *E predicarase no seu nome a conversión e mais o **perdón dos pecados a todos os pobos**, empezando por Xerusalén. Vós sereis testemuñas de todo isto. E eu vou enviarvos a promesa de meu Pai. Entrementres vós segue na cidade ata que sexades revestidos **co poder que vén do alto*** (Lc 24,47-49).

Nesta misión o apóstolo ten garantida a presenza de Xesús Cristo e a acción do Espírito Santo para levar a cabo a obra evanxelizadora. O apóstolo ha de escoitar, mirar cos ollos da fe e deixarse guiar polo Espírito na misión evanxelizadora. Será o mesmo Espírito quen faga a unidade e a comunión no Presbiterio a través da mesma misión que se lle confiou a todos os presbíteros dentro das diferenzas e carismas que poida ter cada quen, que lonxe de quebrar a unidade, esas grazas enriquecen a comunión e fan máis forte a unidade que consiste na unión de diferentes.

Dun xeito ou doutro e coas peculiaridades de cada quen o ministerio recibido condúcenos na mesma dirección segundo acabamos de ver: anuncio da Boa Nova, facer discípulos de Xesús Cristo, ser testemuñas de Xesús Cristo, conducir á fe e á conversión, nunha actitude de estar en marcha, en saída: *ide*.

3. Enviados pola Igrexa

Os presbíteros son enviados a realizar unha misión que lles é confiada polo Señor a través da Igrexa. Por isto nin os bispos nin os presbíteros teñen un plan e unha misión propias, senón que han de levar a cabo a misión da Igrexa. Isto implica ter un gran respecto á tradición, á historia das dioceses e das parroquias e comunidades

cristiás nun camiño de continuidade, sabendo conxugar con equilibrio o percorrido feito e a creatividade pastoral, que se abre aos cambios, transformacións e desafíos que presenta o tempo presente.

Desde os seus comezos a evanxelización leva as marcas e os acentos da encarnación e da inculturación. A Boa Nova do Reino ha de ser traducida na linguaxe, na idiosincrasia, nas formas de comprensión e nas referencias culturais das xentes e dos pobos aos que se lles anuncia o Evanxeo. Os Feitos dos apóstolos ofrécennos exemplos moi claros desta praxe. Nos discursos de Estevo, de Pedro ou de Paulo, o anuncio de Cristo resucitado leva tonalidades moi diferentes segundo o público sexa de procedencia xudía ou de procedencia xentil. O discurso que fai Paulo aos xudeus da Antioquía de Pisidia fai un percorrido desde o éxodo ata Xesús que sofre a paixón e a morte, e que Deus resucita ao terceiro día (Feit 13,14-33). En troques o discurso de Paulo ante o Areópago chega ao mesmo anuncio do kerigma do resucitado, pero partindo do sentido relixioso dos atenienses e de Deus creador que está preto dos homes, que son a súa descendencia (Feit 17,15-34). O noso presbiterio quizais teña que ter unha maior sensibilidade á inculturación do Evanxeo e a encarnarse máis profundamente na realidade dos nosos pobos e aldeas esquecidos e abandonados, pois non se evanxeliza a distancia nin por contacto virtual senón desde a proximidade e facendo camiño xuntos.

Certos cortes bruscos e certas rupturas fortes na vida das parroquias, que con frecuencia desorientan á xente, acontecen no cambio de párrocos ou doutros axentes de pastoral. Isto mesmo acontece ás veces nos cambios de bispos. Este fenómeno mostra que o sentido eclesial é fraco e quizais que a conciencia de ser enviado e de facer a obra de Deus ten que renovarse e fundamentarse máis fortemente, pois é a Igrexa quen envía e quen confía a misión. Tamén revelaría un certo individualismo ou un ir por libre no exercicio da misión, cando sabemos que esta realízase nun contexto de fraternidade e de comunión.

Non somos enviados, non para facer experimentos ou para realizar a nosa propia obra, senón a misión da Igrexa que é a evanxelización. Esta misión concrétese a través da misión que nos confía o bispo e ten

coma referencia e guía a programación pastoral que a diocese elabora e que o presbiterio asume e executa coma un mandado recibido nun exercicio de comunión e de fraternidade.

O envío, a misión confiada polo bispo ten unha dimensión sacramental, en canto que somos enviados a actuar, a predicar, a construír e animar a comunidade eclesial no nome de Xesús Cristo, e nunca por propia iniciativa. A relación entre os presbíteros e o bispo é de natureza sacramental e pertence á natureza do sacramento do orden. Non se trata dunha relación establecida por estratexias de poder ou de funcionamento dunha determinada institución, tampouco por amizade ou simpatía, senón por o carácter apostólico do ministerio ordenado. Os presbíteros desempeñan a súa misión e realizan o seu ministerio en total comunión co bispo, sendo conscientes de que son os seus necesarios colaboradores e conselleiros. Son colaboradores, e por isto non poden entender a súa misión dunha forma autónoma ou separada da misión do bispo; pero son colaboradores necesarios, porque o ministerio episcopal non pode desenvolverse nin mostrar toda a súa verdade sen o presbiterio (PO 7; LG 28).

A misión, como temos xa apuntado, foi concedida ao colexio dos apóstolos, aínda que algúns deles recibisen unha misión específica. Pedro recibe a misión de evanxelizarse aos procedentes da circuncisión e Paulo recibe a misión de evanxelizarse aos xentís, pero é a mesma misión apostólica. Por isto mesmo a devandita misión realízase en comunión e fraternidade que hai que coidar e favorecer, pois facilmente aparecen tensións e conflitos que hai que afrontar e administrar para que a fraternidade sexa máis sólida (Gal 2,6-10).

4. Sinodalidade e misión

O carácter colexial do ministerio dos presbíteros implica a todo o presbiterio nunha acción pastoral que ten que ser comunitaria e que expresa a comunión e a fraternidade inherente ao ministerio, de tal xeito que aquilo que realiza calquera grupo da Igrexa diocesana se considere como algo que é propio do conxunto da Igrexa local.

Un dos grandes retos que teñen as Igrexas e os presbiterios é precisamente medrar na conciencia que tanto o seu ser coma a súa

acción pastoral son realmente sinodais e comunitarios. A sinodalidade é constitutiva da Igrexa, pois sen sinodalidade non pode haber Igrexa. Tal vez teñamos oído moitas veces este refrán: unus christianus, nullus christianus. E alongando o sentido poderíamos engadir: unus sacerdos, nullus sacerdos?

Como favorecer e como consolidar a dimensión colexial e sinodal do noso ministerio de presbíteros? Velaquí unha urxencia e unha grande tarefa a levar a cabo.

No camiñar das nosas Igrexas evidénciase un desexo ardente dunha comunión que encha de alegría e que mostre que a Igrexa é realmente unha verdadeira comunidade, onde se vive a corresponsabilidade e se tece unha relación entre os crentes semellante á comunión que se vive no seo da Santa Trindade. Pero, por outra banda, un segundo punto de atención está na misión. Acabamos de sinalar que a Igrexa existe para evanxelizarse. A atención á comunión como primeira prioridade non corre o risco de relegar ou reducir o impulso misionero de saír á periferia?

Os evanxeos, como acabamos de ver, teñen como notan principal o envío (a misión) dos discípulos ao mundo, e non tanto a idea de permanecer recreados na experiencia dunha comunión que colma de gozo. ¿Terá a misión prioridade sobre a comunión?

Sabemos que hai unha relación moi estreita e unha grande interacción e relación mutua entre comunión e misión. Ámbalas dúas se reclaman. Mais para resolver este interrogante temos que mirar á Trindade. Deus é comunión na súa vida intratrinitaria. El ábrese plenamente na creación e na historia cara a misión no mundo. Se se pode falar así, Deus non permanece aparte na súa feliz vida comunitaria; el sae da propia comunión de Deus, como graza regala todo e non se reserva nada, Entrega o seu Fillo, dá o seu Espírito. A propia comunión de Deus convértese en misión. Por isto mesmo a comunión na Igrexa consiste na realización da misión².

A realización da misión fortalece a comunión e a fraternidade, como ocorre no seo da Trindade e como descubrimos tamén no seo das

² G. Greshake, *Ser sacerdote hoy*, 279-280.

primeiras comunidades cristiás. Por isto mesmo a misión que nos foi confiada por medio da imposición de mans é tamén o lazo de unión e de comunión profunda que une aos presbíteros na súa peculiaridade e diversidade, como diversos son o Pai, o Fillo e o Espírito Santo dentro da súa unidade.

A sinodalidade, a fraternidade sacerdotal ten a súa fonte no desempeño e realización da misión que lle foi confiada aos presbíteros. O lazo de unión entre os presbíteros ten que ser a misión, moi por enriba da amizade, da simpatía persoal, de ter as mesmas ideas e afeccións, se queremos que esa unión sexa duradeira. Por isto mesmo cando a fraternidade é feble, cando existen divisións, cando o individualismo se impón sobre a sinodalidade e o traballo conxunto, entón o que está realmente en crise e baixo mínimos é a realización da misión. Se queremos construír a comunión e a fraternidade hai que centrarse e potenciar a misión e camiñar xuntos na mesma dirección.

Velaquí sen dúbida un gran desafío que ten o noso presbiterio: facer a experiencia de construír a comunión por medio da realización da misión evanxelizadora e do traballo apostólico que sinodalmente nos foi confiado e que sinodalmente ou comunitariamente temos que desempeñar.

Como expresión e signo da sinodalidade hai unhas mediacións na Igrexa que coidan e desenvolven esta condición. Son algúns dos órganos colexiais das Igrexas locais. Entre eles podemos destacar especialmente o Consello Presbiteral e o Arciprestado.

Poderíase dialogar e facer unha revisión sobre o funcionamento e o aporte que estes órganos están a facer e a incidencia que teñen tanto na vida dos presbíteros coma na marcha da Igrexa diocesana.

Cal é tamén a incidencia e a implicación destes órganos nesta conxuntura sinodal que reclama unha profunda renovación e transformación da diocese e como implican ao conxunto do presbiterio e aos leigos?

Tema 5

NA IGREXA LOCAL DE OURENSE

Non tiven reparo en instruírvos e predicarvos, publicamente e polas casas, todo o que vos fose de proveito, insistindo solemnemente a xudeus e gregos que se convertesen a Deus por a fe no noso Señor Xesús (Feit 20,20-21).

Somos presbíteros incardinados na Igrexa local de Ourense e fomos elixidos para desempeñar este ministerio neste momento histórico, que ten as súas peculiaridades, que é moi diferente do que a maioría dos que formamos parte deste presbiterio poderíamos imaxinar cando fomos ordenados.

Esta conxuntura histórica, social, cultural e relixiosa pídenos coidar con esmero e primar a formación permanente, de xeito que nos deixemos guiar polo Espírito que fai novas todas as cousas. Isto estanos demandando traballar e desenvolver a creatividade pastoral para que poidamos encarnar no mundo e na cultura de hoxe o Evanxeo de Xesús Cristo coma unha Boa Nova que sexa fonte de alegría, de esperanza, de xustiza e liberdade para as nosas xentes, para os nosos pobos e vilas.

Todo o que ata agora viñemos reflexionando, contemplando e compartindo acerca do ministerio é preciso discernir como levalo á práctica e como o plasmanos na misión pastoral e na construción da Igrexa diocesana.

Estes tempos que estamos a vivir posiblemente demandan un perfil de presbítero e de presbiterio quizais un pouco diferente, que sintonice e estea próximo á realidade, á sensibilidade e á problemática que a nosa xente está a vivir hoxe para poder preparar o terreo onde a semente da fe en Xesús Cristo poida florecer e poida frutificar.

Somos moi conscientes de que de nada serve repetir o pasado e unhas formas pastorais que resultan anacrónicas. A maior parte da nosa xente está nunha onda moi diferente no que toca á fe, á moral e mesmo ao sentido da vida. Como propiciar e facer posible que

sintonicen coa fe, co seguimento de Xesús Cristo, coa conciencia de que son comunidade cristiá e Igrexa viva?

Como presbiterio o momento actual preséntanos uns grandes desafíos. Esta situación úrxenos a exercer o ministerio coidando moito a sinodalidade, o sentido comunitario, o traballo conxunto, a revitalización e renovación da formación permanente, do funcionamento dos arceprebados, da posta en marcha da programación diocesana, a busca de novas formas de inserción pastoral, especialmente no mundo rural ante a grande dispersión, a despoboación e avellentamento da maior parte da poboación. A todo isto hai que ter moi en conta a incidencia que ten para a misión evanxelizadora os modelos e os patróns culturais que están modelando e configurando a personalidade das nosas xentes, especialmente a das novas xeracións.

A misión evanxelizadora preséntase hoxe complexa e quizais un bocado desconcertante que deixa perplexos aos axentes de pastoral, pois as estruturas pastorais e moitas das accións e propostas que veñen de sempre, ficaron obsoletas. Non só estamos nun cambio de época, como din tantos pensadores e analistas, senón tamén nun cambio de paradigma. Esta realidade esíxenos aos presbíteros estar continuamente en formación e quizais unha nova forma de exercer o ministerio na que os encontros e o traballo con outros presbíteros ocupe máis horas e máis días.

1. Insertos no mundo

O escenario cultural que contemplamos, que respiramos e que dalgún xeito nos está modelando, está marcado, entre outras cousas, pola globalización, que determina e configura os diferentes campos nos que se desenvolve a vida, a economía, a relixión, a política, a familia, as comunicacións, etc.

Vivimos nun país avellentado, cunha poboación moi dispersa, que non coñece un gran desenvolvemento técnico ou industrial; as súas raíces e referencias son basicamente rurais. Sen embargo o mundo das novas tecnoloxías, as chamadas redes sociais, todo o que conleva o uso máis estendido de Internet, nunha palabra, o fenómeno da

globalización nas súas diferentes ramificacións, están configurando non só unha nova mentalidade senón quizais novos modelos de estruturación e construción da personalidade. Todo isto ten unha gran influencia e repercusión na vida das persoas, nos ambientes e moi concretamente na actitude e na maneira de situarse ante Deus, ante a relixión e ante a fe. Nesta nova situación e neste novo clima é onde os presbíteros temos a misión de anunciar o Evanxeo, de construír a Igrexa de Cristo.

Á revolución tecnolóxica, que ten tanta forza, hai que engadir tamén a influencia da posmodernidade que estrutura o que se ten chamado o pensamento feble, pero que está modelando por osmose a personalidade dun sector moi amplo da poboación. Esta corrente pon en crise o modo de realizar a misión da Igrexa e as liñas de acción pastoral que se están propondo e realizando. Neste mesmo ambiente están moi activos a secularización, o relativismo, o poder da imaxe, o pluralismo relixioso indiscriminado, e tamén un tipo de relixión que oscila entre o sincretismo e o fundamentalismo.

No mundo occidental Deus foi expulsado do entorno cultural e da vida social. Deus converteuse, especialmente en Europa, nun estraño na nosa casa. Moitos sectores da sociedade considéranlo como unha cousa do pasado, coma un veciño do que se ten oído falar, pero que ninguén o viu. Deus deixou de ser unha referencia nos nosos ambientes e por a mesma razón o presbítero foi expulsado tamén do ámbito da vida ordinaria da maior parte dos cidadáns. E isto xa chegou ao noso medio rural.

Atopámonos ante unha profunda crise, pero non é unha crise da vida presbiteral nin sequera unha crise eclesial. Estamos ante unha crise que ten raíces máis profundas. É unha crise de Deus e unha crise de fe, que dalgún xeito nos pode golpear aos mesmos presbíteros. Para entender o cambio producido na vida e no ministerio dos presbíteros, temos que ter en conta os cambios que se teñen dado na sociedade acerca da percepción de Deus e da situación que se lle dá a Igrexa nas sociedades plurais e democráticas. Na misión pastoral os presbíteros teñen que tomar moi en serio hoxe que Deus deixou de ser unha realidade evidente e presente na vida cotián das persoas.

Estamos ante unha crise de fe que nos esixe buscar unha nova gramática da mesma fe desde a recuperación dos seus elementos esenciais. En tempos de crise hai que volver ao esencial. O problema fundamental está na comprensión do ser humano e no tecido social e cultural como presupostos necesarios da fe. Pero somos conscientes de que a cultura actual, que se expande por todas partes nesta gran aldea global que é o mundo, está minando o substrato no que se desenvolve e se apoia a fe e a apertura ao encontro con Deus. O problema sitúase no home de hoxe que perdeu a capacidade de escoitar e de interpretar, e isto é esencial para a fe. Pero non podemos esquecer que a gramática da fe é o home. A este home hai que gañalo e entendelo na súa linguaxe, na súa constitución permanente e nos seus códigos actuais e cambiantes para poder transmitirle a fe desde a súa propia linguaxe e gramática. Velaí o grande desafío e a gran tarefa: buscar unha nova gramática da fe para que esta sexa comprendida e chegue a cristalizar de forma consciente e libre no acto de fe.

Toda esta visión pode parecer un bocado abstracta, teórica e distante da nosa realidade social e eclesial, pero se nos paramos a mirar en profundidade a vida das nosas parroquias, se escoitamos o sentir da nosa xente no que toca á súa comprensión de Deus, á vida de fe, ás opcións e decisións importantes da súa vida, quizais poidamos descubrir que participan nunha gran medida nesta crise, no relativismo relixioso e nunha vida na que Deus ven a ser un estraño.

A proba disto é que entre a nosa xente hai certos fenómenos que están hoxe moi integrados cando eran practicamente estraños fai pouco tempo: as relacións de parella, unha certa desfeita da institución matrimonial, os distintos modelos de familia, o gran corte coa vida da Igrexa e da parroquia especialmente por parte das xeracións máis novas, a forte influencia da secularización nos velorios, nos enterros e nas vodas; a lexitimación social do aborto e de moitas formas de corrupción...

Estes grandes desafíos estallanllo esixindo aos presbíteros unha nova forma de exercer o ministerio e de situarse nas parroquias e nos diferentes ámbitos da acción pastoral. Para poder evanxelizarse o mundo de hoxe é preciso darlle prioridade á formación permanente. Pero a

evanxelización non é unha misión que se realiza individualmente senón comunitariamente. Por isto o traballo cos irmáns de presbiterio en diferentes niveis e cos leigos é algo fundamental.

A estes grandes cambios que se están dando na sociedade temos que sumar tamén outros grandes cambios dentro da diocese que presentan tamén uns grandes desafíos aos que hai que responder.

2. No corazón da Igrexa diocesana

O presbiterio ten unha misión fundamental, pero non a única, na construción da Igrexa diocesana. Xa se apuntou que o ministerio ordenado é un só, o de Cristo, que é por tanto o lazo de unión e de comunión entre todos os membros do presbiterio que foron chamados e elixidos para realizar a mesma misión: “o ministerio ordenado ten unha radical forma comunitaria e só se pode exercer como unha tarefa colectiva” (PDV 17). A comunión e a fraternidade son fundamentais para vivir a dimensión comunitaria do ministerio ao servizo de toda a vida da diocese. “Unha fraternidade, en palabras do Papa Francisco, empapada da forma apostólica e enriquecida polas características propias da diocesaneidade, é dicir, por as características peculiares do pobo de Deus e dos santos, especialmente dos santos sacerdotes, da Igrexa particular³”.

Nós fomos chamados a ser evanxelizadores e a compartir a vida das nosas xentes, das nosas parroquias. A conxuntura que estamos a vivir reclámanos unha grande audacia pastoral, uns grandes desafíos e sen dúbida unha reforma estrutural e organizativa que esixe unha forte determinación e unha ousada valentía para cambiar unha organización diocesana e un número de parroquias que ven de moitos séculos e que hoxe están nas últimas.

A nosa diocese é eminentemente rural. Os nosos pobos e aldeas están baleiros e moitas casas en ruínas. A poboación está máis ca decimada e o deserto demográfico é alarmante. Como facer fronte a esta situación de xeito que a nosa xente non experimente o abandono e o esquecemento por parte da Igrexa como ocorre nos outros campos

³ Discurso ao Seminario rexional de Bolonia

como poden ser as comunicacións, os servizos sociais, sanitarios, educativos?

Cal vai ser o futuro deseño da diocese e das parroquias? Na diocese estase traballando desde fai algún tempo nesta liña. O mesmo sínodo diocesano apunta na mesma dirección. Os pasos que se están a dar para algúns poden parecer demasiado audaces e para outros demasiado tímidos. Quizais esta cuestión tan fundamental precise encontrar a fórmula e a maneira dun verdadeiro exercicio de sinodalidade onde os axentes de pastoral, e especialmente o presbiterio diocesano, se impliquen nun traballo de concienciación, de reflexión e de discernimento.

3. As UAPs (Unidades de atención pastoral)

De cando en vez vanse creando ou vanse constituíndo Unidades de Atención Pastoral. Xa hai ata agora 32 UAPS constituídas, que conviven á beira da estruturación tradicional en parroquias asignadas a un sacerdote.

Nesta situación parece que a configuración pastoral apunta cara esta modalidade das UAPS, que podería ter repercusións mesmo a nivel canónico no tocante a vertebración da diocese e o futuro da parroquia tradicional. Isto require sen dúbida moito diálogo, reflexión, estudo para facer un verdadeiro discernimento que leve a tomar as decisións máis axeitadas. Neste proceso ten que se embarcar e comprometer todo o presbiterio.

Como facer o mapa de atención pastoral na diocese? Pode haber diferentes formas de facelo e haberá que facer unha opción. A escolla desa opción obedecerá sen dúbida a algunhas razóns de peso.

Este mapa pode facerse a partir dun proxecto xeral que faga un deseño coas diferentes UAPS en toda a diocese, aínda que o funcionamento se vaia pondo en práctica de forma gradual. Outra forma, quizais a que se está a seguir, é a de ir creando en diferentes momentos, segundo as circunstancias e outras situacións o demanden, algunhas UAPS en diferentes sitios. A diocese e tamén o presbiterio diocesano teñen que enfocar esta reforma con prospectiva para non hipotecar o futuro ou deseñar unidades que ao cabo de pouco tempo

non sexan viables. Hoxe para moitos presbíteros non está claro se camiñamos cara as UAPS, se vai continuar o sistema tradicional de organización parroquial ou coexistir un modo de organización mixto no que continúen as dúas fórmulas.

Ata agora as UAPS que se crearon a maior parte están no medio rural e tamén nalgunha vila e cabeceira de comarca. Pódese pensar en crear UAPS na cidade? Noutras dioceses xa se ten tomado esta opción e as parroquias de barrios próximos forman unha UAP.

Os criterios para constituír unha UAP quizais precisen ser coñecidos con maior profundidade, estudados e debatidos dentro do conxunto do presbiterio, dos arciprestados, do Consello Presbiteral e do Consello de Pastoral. É preciso ter en conta o proceso que vai de ser cura de sete parroquias, por exemplo, a ser moderador dunha UAP que está constituída por as mesmas sete parroquias, para que non todo quede reducido a un cambio de nome e a realidade siga inalterada. A UAP parece que demanda un traballo pastoral comunitario. Para responder ás diferentes prioridades e necesidades pastorais cada UAP non debería contar con máis dun presbítero aínda que as UAPS fosen máis extensas e con maior número de parroquias? Sería moi conveniente pórse de acordo coas dioceses da provincia eclesiásticas para designalas da mesma maneira. Ourense chámalle UAPS; Santiago chámalle UPAS.

Todos estas cuestións son fundamentais e dun gran calado para a vida da diocese e para o ministerio dos presbíteros. Por esta razón é vital que todo o presbiterio se implique neste proceso e que os pasos a dar sexan firmes, que estean ben fundados de xeito que a criatura poida nacer forte e vigorosa, evitando o risco de que morra case antes de nacer.

4. Enviados aos nosos pobos e aldeas

Xesús na súa misión percorría pobos e aldeas. El e os primeiros discípulos eran itinerantes: *Xesús percorría todas as vilas e aldeas ensinando nas sinagogas, anunciando a Boa Nova do Reino e curando toda enfermidade e doenza* (Mt 9,35; Lc 10,1-12). Hoxe os presbíteros

na nosa diocese somos tamén apóstolos itinerantes no exercicio da misión pastoral.

Un dos grandes retos para nós é o acompañamento e a presenza entre a xente de xeito que permita unha verdadeira acción evanxelizadora que conduza ás nosas xentes á experiencia de fe en Xesús Cristo. Desta forma a fe será realmente comunitaria e xeradora de verdadeiras comunidades cristiás.

Hoxe a mobilidade xeográfica, a rapidez das comunicacións facilitan os desprazamentos e a posibilidade de se facer presente, pero tamén a dificultan cando se está apartado dos lugares de atención pastoral e as diferentes ocupacións e responsabilidades fan difícil unha presenza gratuíta e máis repousada que vaia máis alá de misas e de enterros.

A caridade pastoral, que é inherente ao ministerio presbiteral, ha de estimular a creatividade dos presbíteros para que a súa acción e presenza non sexa só ocasional, de xeito que o sacerdote non sexa simplemente un visitante, senón alguén que forma parte, que é familia dunha xente que hai que acompañar para que sexa realmente unha comunidade.

A escaseza de vocacións sacerdotais e a multiplicación de parroquias ao coidado de cada presbítero está provocando unha presenza cada vez máis ocasional do sacerdote. Isto é unha verdadeira interpelación, pois a nosa diocese acusa unha influencia moi forte do clericalismo que ven de séculos. Podemos preguntarnos que se realiza no domingo na maior parte das nosas parroquias se non pode ir o sacerdote. Unha celebración cada quince días ou cada mes como pode alimentar a fe dunha xente que tal vez precise do primeiro anuncio?

Velaí o grande desafío que temos por diante: trazar o perfil de cura nestes tempos e nesta situación social e relixiosa que nos toca vivir na nosa diocese. Sabemos que non se pode evanxelizar os nosos pobos e parroquias de lonxe ou a distancia. A nosa mirada e a nosa referencia é o camiño seguido polo Fillo de Deus que se encarnou na historia, na condición humana especialmente na súa fragilidade. E a El a quen miramos e tamén a quen seguimos: *cos ollos postos en Xesús, o primeiro guía que levou á perfección a nosa fe* (Heb 12,2). Sabemos,

por outra banda, que este ministerio non é fácil, pois atopamos nós tamén a cruz, a indiferenza e a contradición no anuncio do Evanxeo tal como Xesús experimentou isto mesmo no seu ministerio: *Meditando, por o tanto, naquel que veu soportando tal oposición contra si mesmo de parte dos pecadores para non esmorecerdes nin cansardes* (Heb 12,3).

Somos conscientes da complexidade do momento presente, da necesidade de acometer grandes cambios que nos chaman a abrir camiños novos cuxo trazado temos que adiviñar e, por outra banda, a deixar camiños xa coñecidos que ofrecen seguridade, pero que hoxe non conducen a ningures nin son os que nos pide Xesús Cristo, que é o Camiño, a Verdade e a Vida (Xn 14,6). Para afrontar sen medo e con decisión estes desafíos como Igrexa diocesana e como presbiterio precisamos renovar e revitalizar a fe e vivila como esa grande aventura, como Abrahán, Moisés, os apóstolos e tantos santos e testemuñas de Xesús Cristo.

Un instrumento e unha mediación importantes que temos á disposición é precisamente a Formación Permanente coma ese proceso de deixar que o Espírito Santo forme a Xesús Cristo en nós e que o ministerio presbiteral teña a forma de Xesús Cristo. Para deixarse formar, sorprenden e guiar polo Espírito Santo hai que ter unha grande docilidade e coidar con moito esmero a fe, deste xeito andaremos por os camiños que o Señor nos invita a percorrer aínda que moitas veces nos asalten as dúbidas e as indecisións e teñamos que abrir e seguir camiños descoñecidos. Neste momentos somos coma cegos que andamos estes camiños cunha grande inseguridade como advirte o profeta Isaías: *Farei camiñar os cegos por un vieiro que non coñecen, por corredeiras descoñecidas fareinos ir* (Is 42,16).

Podemos pensar que estamos nuns tempos moi difíciles, que esta empresa é demasiado para as nosas forzas e as nosas posibilidades. Certamente que isto non se pode facer en solitario nin confíalo á iniciativa dalgunhas persoas que teñan un gran carisma de creatividade, de iniciativas, de aglutinar e animar xente... Todo isto é importante, pero só un verdadeiro camiño eclesial terá futuro e perdurará, do contrario esmorecerá coas persoas que o iniciaron.

Neste momento da historia, nesta conxuntura complexa convócanos o Señor e invítanos a contemplar este tempo cunha mirada de fe que nos fai descubrir que este é precisamente o tempo favorable. Somos convocados a facer tránsito do kronos ao Kairós.



Tema 1

CHAMADOS E CONVOCADOS POR CRISTO

Mais agora, obrigado polo Espírito, vou a Xerusalén, sen saber o que me espera (Feit 20,22).

O ministerio dos presbíteros non é o froito dunhas calidades nin dunha iniciativa individual, senón que é unha chamada de Deus e unha graza.

1. Unha ollada á Escritura

Deus é quen chama e convoca

Deus é quen sempre toma a iniciativa e adiántase a chamar e escoller ás persoas para encomendarlles a misión (Mc 1,16-20; 5,18-20; Mt 9,9; Xn 15,16).

A chamada ten un carácter comunitario e sinodal; pasa por a mediación e colaboración dunha persoa, dun grupo ou dunha comunidade (Xn 1,35-51; Feit 9,10-18, Gal 2,7-10).

O Señor chama para realizar unha misión na Igrexa. Toda vocación ten unha dimensión apostólica e comunitaria (Mc 3,13-14; Feit 9,15; 26,16-18; 2 Tim 1,5; 2,2).

A vocación é sempre nova e actual

A vocación pasa por diferentes etapas, algunhas incluso bastante desconcertantes e sorprendentes (Mt 16,17; Xn 6,68-69; 21,15-17; Gal 1-2; Feit 15,4-35).

O proceso vocacional endexamais se pode considerar concluído (2 Tim 1,6)

O carisma de ministerio ordenado está ao servizo da construción da Igrexa (1 Pe 4,9-10; 1 Cor 15,10).

2. O Maxisterio da Igrexa

A vocación cristiá e a vocación ao ministerio teñen o seu fundamento na elección gratuíta de parte de Deus Pai. Esta chamada sempre acontece na Igrexa, asemblea de convocados (PDV 36; 37).

Para un tratamento un pouco máis amplo pode consultarse PDV 34-38; PO 11.

3. A Pastoral vocacional

A necesidade de reflexionar e discernir a realidade da pastoral vocacional no contexto cultural e eclesial que estamos vivindo hoxe.

O maxisterio da Igrexa traza unhas liñas de acción e fai unhas recomendacións que é preciso traducir á realidade concreta da nosa diocese, sendo conscientes dos cambios profundos que se produciron nunha diocese eminentemente rural, que era a canteira das vocacións, na que se produciu un deserto demográfico alarmante.

O absentismo ou a fuxida da Igrexa das xeracións máis novas e o corte da transmisión da fe nas familias, que desafíos presenta especialmente á pastoral vocacional?

Cuestións a reflexionar, dialogar e profundar:

- Vertebrar a pastoral vocacional na que se implique toda a diocese, especialmente a pastoral xuvenil e universitaria de xeito que todo este traballo non quede unicamente nas mans dun delegado ou dunha delegación.

- A renovación e revitalización das parroquias e das UAPS de xeito que cheguen a converterse en verdadeiras comunidades cristiás creando un ambiente onde a chamada de Deus poida ser escoitada e respondida.
- A chegada e acollida de sacerdotes procedentes doutros continentes: ¿Cómo abordar e discernir esta situación nun contexto de sinodalidade e de coresponsabilidade?
- Seminario diocesano e Seminario Redemptoris Mater.

PARA O TRABALLO PERSOAL E DE GRUPO

Mirando a nosa realidade

Desde a formación no Seminario e logo na vida ministerial, *como estamos a vivir e alimentar a dimensión comunitaria e eclesial da vocación ao ministerio*? Somos chamados (“vocados”) persoalmente, pero chamados con outros (“convocados”).

Desde a fraternidade e a comunión entre presbíteros, *como nos estamos alentando e sostendo na resposta que demos un día á chamada de Deus e como nos axudamos a mantermos fieis e abertos a novas propostas e decisións que o Señor nos pode facer na actualidade*?

A crise de vocacións ao ministerio, a falta de relevo no presbiterio que reaccións e que sentimentos esperta en nós?

Como nos parece que se pode deseñar hoxe a pastoral vocacional na que se ha de implicar toda a diocese e por isto mesmo tamén todo o presbiterio?

Discernimento evanxélico

O avellentamento do clero, a escaseza de vocacións ao ministerio, os seminarios baleiros están a producir en moitos cristiáns, en moitos presbíteros e incluso tamén nalgúns bispos unha reacción dun certo desalento, de pesimismo ou incluso dun certo fracaso da Igrexa...

Cando o Señor envía en misión aos apóstolos failles tomar conciencia de que o traballo é moi basto e que se precisan xornaleiros. Por isto encoméndalles antes de nada un primeiro traballo, o primeiro quizais que se nos pide a nós (Mt 9,36-38). Como está implicada a nosa Igrexa local e o noso presbiterio na busca e na formación de apóstolos, presbíteros e leigos para que respondan á chamada de Deus a traballar na súa viña? Mt 20,1-16.

A luz da experiencia das primeiras comunidades cristiás, cales están a ser os camiños polos que o Espírito nos quere conducir nesta conxuntura que estamos a vivir e como nos fai novas propostas que superan a inercia do que xa está institucionalizado?: (Feit 13,1-4; 16,4-10).

Sen querer minimizar o problema da falta de vocacións, poderíamos preguntármonos, que é o que Deus nos quere dicir e nos quere mostrar nesta situación concreta; que cambios, que reformas ou que innovacións temos que introducir nas nosas Igrexas nas que o Señor segue chamando, segue presente e actuando ata a fin do mundo? Feit 6,1-6

Liñas de acción e chamadas á conversión

A vida humana e con máis razón a vida cristiá é o froito dunha chamada de Deus. Como debemos orientar a vida das nosas parroquias e grupos de xeito que todos os cristiáns tomen conciencia de que toda persoa é un ser vocacionado e ha de responder á chamada de Deus?

Ter presente e coidar a dimensión vocacional da fe cristiá e a posible chamada ao sacerdocio e á vida consagrada nas catequese de confirmación e na promoción da pastoral xuvenil.

Consolidar un traballo de equipo e de acción conxunta entre as delegacións de mocidade, vocacións e pastoral universitaria.

Suxestións para a lectura e a preparación do encontro:

PDV 8-10; 35.

El don de la vocacion presbiteral (“Ratio fundamentalis...”) 11-27.

A. BRAVO, *Seguir a Cristo. De la vocación a las vocaciones*, Salamanca (2009) p. 39-59.



Tema 2

UN SO MINISTERIO, O DE XESÚS CRISTO

Levar a cabo o ministerio que recibín do Señor Xesús de ser testemuña do Evanxeo da graza de Deus (Feit 20,24).

Non hai máis ca un ministerio sacerdotal, o de Xesús Cristo, do que participamos todos os presbíteros. Como o estamos a vivir na comunión e na fraternidade?

1. Xesús Cristo foi sacerdote?

Xesús ofreceu en si mesmo o rostro definitivo do presbítero, facendo realidade o sacerdocio ministerial do que os apóstolos foron os primeiros investidos.

O Novo Testamento evita chamar sacerdotes aos responsables e dirixentes das comunidades cristiás, comezando por os mesmos apóstolos: episcopos, diakonoi, apóstoles...

Só a carta aos Hebreos lle dá a Xesús o título de sumo sacerdote. Recupera a linguaxe sacerdotal aplicada á vida e misión de Xesús que ve especialmente reflectida na paixón, morte e resurrección de Cristo.

2. O ministerio da Nova Alianza

Dentro do grupo de discípulos o Señor chamou a Doce e encomendoulles a misión que el mesmo recibira do Pai. A Nova Alianza selada na morte de Xesús ten como bases os Doce apóstolos. Por isto á morte de Xudas hai que escoller o seu substituto. A elección de Matías revela como o ministerio dos apóstolos é o ministerio do Espírito.

Xesús deixa entrever a fraternidade sacramental cando considera que quen escoita aos apóstolos, escoita tamén a el mesmo; el concédelle aos apóstolos facer as obras que el fai e aínda máis grandes.

O ministerio presbiteral ten a súa fonte no ministerio apostólico. E a Igrexa quen chama e quen confire o ministerio. Este é un don e unha graza, pero nunca un dereito.

O ministerio é un e único. Todos os ministros ordenados teñen que ser unha soa persoa dentro do presbiterio, que está formado por membros diferentes.

3. O Maxisterio da Igrexa

O gran aporte do Maxisterio da Igrexa para comprender e vivir a unidade e a colexialidade do ministerio presbiteral especialmente en LG 28; PO 2; 7; 8; PDV 31; 73.

PARA O TRABALLO PERSOAL E DE GRUPO

Mirando a nosa realidade

A forma de comprender e de exercer o ministerio no noso presbiterio vai máis alá do eido cultural e intraeclesial? Cal é a súa incidencia e presenza no mundo secular e nas realidades que marcan a vida da nosa xente?

O ministerio sacerdotal é un e único, o de Xesús Cristo. Como estamos a vivir e a complementar esta unidade no presbiterio diocesano e como aparece no camiñar da diocese e das nosas parroquias?

Unha forma de facer visible a comunión e a colexialidade do ministerio ordenado é o Consello Presbiteral e tamén os

arciprestados. Cal é a verdadeira incidencia e o aporte que están a facer estes dous órganos colexiais á comunión, á fraternidade e á acción pastoral realizada en conxunto e colaboración?

Discernimento evanxélico

O ministerio da Nova Alianza é fundamentalmente o ministerio do Espírito: como nos estamos deixando guiar e modelar polo Espírito tanto persoalmente como en conxunto para poder exercer este ministerio realmente no nome de Xesús: 2 Cor 3,1-18; PDV 70.

A misión pastoral que se nos encomendou realízase en comunión e colaboración cos demais sacerdotes e con todo o pobo de Deus. Á luz do envío que fai o Señor como terá que ser o exercicio do ministerio e toda a acción pastoral a nivel parroquial e diocesano? Lc 10,1-24; Mc 15,9-20.

Á luz de PO 8 e de PDV 74, que nos está pedindo Xesús Cristo e a Igrexa ao noso presbiterio e cales nos parecen as urxencias que o seu exercicio nos presenta hoxe?

Liñas de acción e chamadas á conversión

Na nosa vida persoal e tamén na acción pastoral, opcións e actitudes que temos que coidar e asegurar para ser dóciles á acción do Espírito Santo que realiza a misión a través do noso ministerio.

Que compromisos vou asumir para potenciar a dimensión comunitaria do ministerio presbiteral, a comunión e o traballo en grupo no seo do presbiterio?

Iniciativas a tomar e a propor no arciprestado que reforcen a dimensión comunitaria e colexial do ministerio presbiteral.

Suxestións para a lectura e a preparación do encontro

PO 7-8; PDV 31; 73-75.

Discurso do Papa Francisco ao Seminario de Bolonia

J. M^a URIARTE, *Servidores de la Palabra de Dios*, San Sebastián (2008), p. 101-124.

G. GRESHAKE, *Ser sacerdote hoy*, Salamanca (2003) p. 121-147.



Tema 3

EN COMUNIDADE DE DISCIPULOS

Eu déixovos nas mans de Deus e da súa palabra de gracia (Feit 20,32).

A chamada a seguir a Xesús non acontece toda dunha vez nun momento puntual, senón que é dinámica e esta aberta a novas dimensións e propostas que quizais non se adiviñaban na primeira decisión.

1. O presbítero é un discípulo

- A forma de vivir a sacramentalidade do presbiterio é sendo discípulo e seguindo cada día a Xesús, o Mestre.
- A pedagogía formativa de Xesús cos discípulos.
- Xesús é o único Mestre
- O discípulo ten o su centro en imitar e configurarse con Xesús Cristo.

2. As tres estacións no camiño do discípulo de Xesús Cristo.

O discípulo de Xesús Cristo para ser coma o Mestre ten que percorrer o seu mesmo camiño que vai da encarnación, a kénose e a exaltación pascual, tal como se expresa no himno da carta aos Filipenses (Flp 2,6-11).

O presbítero ha de seguir e facer presente a Xesús Cristo na encarnación, na Cruz e na Eucaristía. Na comunión con Cristo nestes tres misterios fundaméntase e aliméntase a vida do sacerdote:

Xesús	Encarnación	Cruz	Eucaristía
C. Evanxélicos	Pobreza	Obediencia	Castidade-celibato
Vida sacerdotal	A palabra	A fe	A caridade pastoral

PARA O TRABALLO PERSOAL E DE GRUPO

Mirando a nosa realidade

O seguimento de Cristo é un camiño nunca rematado e unha decisión que o discípulo ten que renovar día a día. Indicar como na vida persoal e na vida do conxunto do clero aparece esta preocupación e esta convicción de estar en camiño de aprendizaxe e de renovación.

O Seguimento de Cristo implica deixarse seducir e guiar en todo por Cristo e tamén deixar ou renunciar a moitas cousas. Na nosa vida que ó que ten máis peso: o atractivo de Cristo ou as renuncias que temos que facer? Consecuencias que se derivan nun caso ou no outro.

Os tres misterios da vida de Cristo (encarnación, cruz, eucaristía) como son a fonte que alimenta a radicalidade evanxélica na nosa vida sacerdotal (pobreza, obediencia, celibato// A Palabra, a fe, a caridade pastoral)?

Discernimento evanxélico

Á luz da vocación dos primeiros apóstolos, Como estamos a vivir o entusiasmo da resposta á primeira chamada ao seguimento que nos fixo o Señor? Xn 1,35-51; Mc 1,16-20.

No camiño do seguimento de Xesús Cristo hai momentos de escuridade, de desorientación, de crise ou de persecución. Onde buscamos a luz e a forza para seguir ao Señor na cruz e na contradición? Mt 16,13-28; Xn 6,63-71; 14,1-6.

O himno da carta aos Filipenses é unha síntese espléndida e clara do camiño seguido por Cristo coma Enviado do Pai. Que luces e que puntos de conversión atopamos para o camiño que o Señor nos propuxo percorrer con El? Flp 2,6-11.

Liñas de acción e chamadas á conversión

Que vou cultivar e priorizar na miña vida para vivir con ilusión renovada o seguimento de Xesús Cristo como presbítero nesta Igrexa local e no presbiterio diocesano?

A rutina, o desánimo poden aflorar en min ou tamén nos compañeiros do presbiterio e do arciprestado, cal deberá ser a miña actitude e o meu aporte para contribuír a superar estas situacións bastante frecuentes?

A formación permanente inspírase precisamente no himno da carta aos Filipenses para que o discípulo teña a forma de ser de Xesús Cristo, que estou disposto a facer para que esta formación sexa un elemento fundamental na vida ministerial?

Suxestións para a lectura e preparación do encontro

J. M^a Uriarte, *Servidores de la palabra de Dios*, San Sebastián (2008), p. 53-70.

A. CORDOVILLA, *Como el Padre me envió, así os envío yo*, Salamanca (2019), p. 111-133.

Documento de Aparecida 129-153.

Tema 4

ENVIADOS

Coidade de vós e do rabaño do que o Espírito Santo vos constituíu inspectores, para pastoreardes a Igrexa que Deus comprou co sangue do seu Fillo (Feit 20,28)

A chamada ao discipulado complementábase coa encomenda da misión. Xesús chamou aos discípulos para que o seguisen e para envialos a predicar (Mc 3,13-15).

1. Xesús o Enviado do Pai.

Xesús ten conciencia de que veu ao mundo enviado polo Pai. El é o Enviado.

2. Enviados de Xesús Cristo

Enviados por Xesús Cristo e revestidos co don e coa forza do Espírito Santo (Xn 20,22).

Os mandatos misioneiros recollen as distintas dimensións da misión (Xn 20,22-23; Mc 16,15-16; Mt 28,18-20; Lc 24,47-49).

3. Enviados por a Igrexa

Os presbíteros son enviados a realizar a misión de Cristo a través da Igrexa.

A importancia da tradición e da inculturación (Feit 13,14-33; 17,15-34).

Na única misión atópanse tamén algunhas misións específicas que son confiadas conforme a algúns carismas (Gal 2,6-10).

4. Sinodalidade e misión

A sinodalidade é constitutiva da Igrexa e a misión realízase nese contexto sinodal.

A relación entre misión e comunión.

PARA O TRABALLO PERSOAL E EN GRUPO

Mirando a nosa realidade

A misión que nos confiou a Igrexa é a evanxelización. O noso traballo pastoral está centrado no anuncio do Evanxeo e na proposta da fe ou hai outras tarefas que nos están ocupando e ás que lle dedicamos moito tempo e moitas das nosas enerxías?

Xesús envía a predicar ao grupo dos Doce. O exercicio do ministerio e as actividades apostólicas nas parroquias levan a marca comunitaria da índole colexial do ministerio presbiteral?

Como a vida e o funcionamento dos arceprestados e doutros órganos colexiais da diocese están a mostrar a sinodalidade no camiñar da nosa Igrexa local?

Discernimento evanxélico

Sendo enviados por Xesús e coma Xesús, que actitudes e que opcións de Xesús estamos chamados a cultivar e a incorporar á nosa vida e ministerio? Xn 12,49-50; 7,16-18; 5,30-39.

O Espírito Santo lanza aos apóstolos á misión evanxelizadora; como nos estamos deixando conducir polo Espírito nas nosas accións e nas iniciativas pastorais que nos pide a misión recibida? Lc 4,14-30; Feit 2,1-36; 10,34-48.

A misión evanxelizadora é unha tarefa comunitaria e sinodal. O clericalismo secular da nosa diocese amosa unha Igrexa moi fráxil e vulnerable. Que luces e que camiños nos mostran as primeiras comunidades cristiás que nós poidamos adoptar con urxencia e con determinación? Feit 15,1-35; 6,1-6; 13,1-3.

Liñas de acción e chamadas á conversión

Darlle preferencia á formación de apóstolos de maneira que os leigos sexan membros activos e responsables nas parroquias e grupos. Que propostas e que iniciativas debemos tomar?

Unha gran parte das xentes das nosas parroquias descoñece a Xesús Cristo e é allea á experiencia da fe. A este mundo enviounos Xesús e a Igrexa. Que pasos imos comezar a dar para responder a este gran desafío?

Tendo en conta a programación diocesana para o presente ano pastoral; que acción imos escoller na que todo o arceprelado se vai implicar para levala a cabo?

Suxestións para a lectura e preparación do encontro

A CORDOVILLA, *Como el Padre me envió, os envió yo*, Salamanca (2019), p. 135-151.

Documento de Aparecida 143-153.

G. GRESHAKE, *Ser Sacerdote hoy*, Salamanca (2003), p. 297-344.



Tema 5

EN OURENSE CONSTRUÍNDO O FUTURO

Non tiven reparo en instruírvos e predicarvos, publicamente e polas casas, todo o que vos fose de proveito, insistindo solemnemente a xudeus e gregos que se convertesen a Deus por a fe no noso Señor Xesús (Feit 20,20-21).

Encarnar no mundo e na cultura de hoxe o Evanxeo de Xesús Cristo como unha Boa Nova que sexa fonte de alegría e esperanza.

A nosa xente está nunha onda moi diferente no que toca á fe, á moral e mesmo ao sentido da vida.

Un mundo rural case nas últimas e ao mesmo tempo un mundo ao que chegan os efectos da globalización, precisa quizais un perfil renovado de cura e sen dúbida un tipo de presenza que temos que deseñar e garantir.

1. Insertos no mundo

Un país avellentado, cunha poboación moi dispersa e illada. Por outra banda, está a globalización e todo o que leva consigo a revolución tecnolóxica que está dun xeito ou doutro instalada.

Un mundo onde aparece unha profunda crise de fe e onde Deus está practicamente borrado da esfera pública.

Para responder a estes desafíos é preciso tamén unha nova forma de exercer o ministerio.

2. No corazón da Igrexa diocesana

Un ministerio e un apostolado marcados pola sinodalidade, a comunión e o traballo conxunto.

Como garantir unha presenza e un verdadeiro acompañamento pastoral no medio dun deserto demográfico e nuns pobos que están nas últimas de xeito que as nosas xentes non se sintan abandonadas pola Igrexa?

Cal vai ser o futuro das parroquias?

3. As UAPS

As UAPS e a necesidade de dar unha nova estrutura e vertebración pastoral á diocese.

A necesidade de que as UAPS sexan un verdadeiro exercicio de sinodalidade na que estean implicados os sacerdotes e tamén os leigos á hora de ir configurando as diferentes unidades pastorais.

4. Enviados aos nosos pobos e aldeas

Necesidade de ser hoxe apóstolos itinerantes coma Xesús e os primeiros evanxelizadores (Mt 9,35; Lc 10,1-2).

Non se pode evanxelizarse os nosos pobos de lonxe e a distancia; tampouco de xeito virtual, senón presencial, aínda que se utilicen as redes para certas cousas.

A caridade pastoral que reborda na vida dos presbíteros ha de estimular a creatividade para que a súa presenza e a súa acción non sexan algo ocasional que o convertan nun visitante, senón alguén que forma parte, que é familia que acompaña as comunidades.

PARA O TRABALLO PERSOAL E DE GRUPO

Mirando a nosa realidade

Como está a influír no ánimo dos sacerdotes a despoboación da maior parte das parroquias que é efecto do deserto demográfico e que provoca tamén un deserto eclesial nas mesmas parroquias?

Que expectativas está suscitando o Sínodo Diocesano e cal é o ambiente que se respira dentro do presbiterio ante os traballos das asembleas sinodais e de cara ao futuro?

A creación e a posta en marcha das UAPS esta a ser unha nova estruturación da Igrexa diocesana ou corre o risco de ser un cambio de nomes, pero sen que apenas se note un verdadeiro cambio na pastoral e nas diferentes comunidades? Que retos nos presenta esta conxuntura?

Discernimento evanxélico

Xesús Cristo e os apóstolos realizaron un ministerio itinerante. Na nosa diocese hoxe a maior parte dos presbíteros estamos chamados a realizar un ministerio así. Como o seguimento de Cristo nos está impulsando a percorrer os nosos pobos e aldeas dando a coñecer a Xesús Cristo? Mt 10,1-12; 9,35; Mc 1,38-39.

A caridade pastoral e a identificación con Cristo o bo pastor como nos están interpelando e inspirando na maneira de exercer o ministerio hoxe? Xn 10,1-42; 13,1-20.

A actitude de Paulo fundador de comunidades cristiás que luces nos aporta para afianzarnos na sinodalidade e no exercicio do ministerio en actitude de colaboración e de servizo cos irmáns presbíteros: Gal 1-2; 2 Cor 5,16.

Liñas de acción e chamadas á conversión

O acompañamento pastoral nas nosas microparroquias é un gran reto. Que propostas se deben facer para un tratamento axeitado deste punto e como facerlle un seguimento?

Que compromiso imos asumir para revitalizar a formación permanente nestas catro dimensións: humana, intelectual, pastoral e espiritual.

O avance da secularización e da indiferenza ante a fe e a misión da Igrexa quizais precisen un tratamento urxente e profundo. Suxerir algunha iniciativa ou proposta para afrontar estes cambios tan profundos.

Para a lectura e a preparación dos encontros

G. GRESHAKE, *Ser Sacerdote hoy*, Salamanca (2003) p. 255-296 (especialmente o excursus sobre as unidades pastorais, p. 283-291).

EG 61-109



